

## Rubén Arroxo fala sobre a transformación que está a vivir a cidade

O tenente alcalde de Lugo, Rubén Arroxo, conta a súa experiencia nestes tres anos de mandato nos que tamén se atopa á fronte da concellería da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e nos que está inmerso nunha serie de melloras para a veciñanza como é a peonalización da Mosqueira, a modificación das liñas de autobuses urbanos, a creación de novos espazos e prazas, etc.. O nacionalista accedeu ao Goberno local tralo pacto do seu partido co PSOE xa que nas últimas eleccións municipais ningún grupo obtivo a maioría absoluta para gobernar en solitario. **Pax. 8-9**

## Os valos proliferan sen control

Os paneis publicitarios convertéronse en parte habitual da paisaxe urbana e interurbana malia que o Concello non conte cunha ordenanza específica



Os valos publicitarios da cidade de Lugo son os protagonistas dunha reportaxe sobre a inexistente ordenanza municipal que regula a instalación e as características deles, normativa coa que si contan cidades coma A Coruña e Santiago. Estes elementos levan arredor de 15 anos xerando debates xa que non se sabe cal é o procedemento administrativo a seguir para poder montalos ou publicitarse neles. A isto, súmase que crean situacións de inseguridade e risco tanto para a circulación viaria como para os viandantes, ademais de ser un elemento que desvirtúa a contorna e lle resta beleza á paisaxe. **Pax. 2-3**

**sociedade.** Actividades infantís no Mercado e na Praza de Abastos. **Pax. 5**

**cultura.** Seguen as exposicións no Museo Provincial e no Vello Cárcere. **Pax. 12**

**zona rural.** Retirados 22.680 quilogramos de lixo do Carqueixo. **Pax. 14**

**infraestruturas.** Comenzan as obras da pasarela de San Roque. **Pax. 15**

**economía.** Unha empresa valencía reabrirá o centro comercial Abella. **Pax. 19**

**deportes.** Lugo acollerá a Copa Raíña de Voleibol este mes. **Pax. 28**

**entrevista.** Falamos coa presidenta do Club Os Biosbardos. **Pax. 29**

## Asorlu, supera todas as barreiras



Daniel Lourés fala sobre a asociación. **Pax. 11**

## Teatro para todas as idades



O Auditorio acollerá tres representacións. **Pax. 13**

## Entrevista aos irmáns Abelleira



Marcan tendencia no mundo do motor. **Pax. 30**

## Urxen á Xunta a resolver o déficit de prazas de residencia

A Deputación urxe á Xunta a resolver o déficit de 14.331 prazas en residencias públicas da terceira idade que existe na comunidade galega. A administración provincial insta a que se creen

todas estas prazas baseándose no último estudo da asociación estatal de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais, que constata esta realidade, coas recomendación da OMS. **Pax. 26**

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

## VA VEIGUELA ABOGADOS

ESPECIALISTAS EN DERECHO CIVIL, HERENCIAS, SUCESIONES, DONACIONES, PACTOS DE MEJORA

PLANIFICA TU HERENCIA EN VIDA

AHORRA BENEFICIÁNDOTE DE IMPORTANTES VENTAJAS FISCALES

1ª CONSULTA GRATUITA  
 Llámanos: 982 228 606

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎ 982 228 606

📷 veiguelabogados 📺 veiguela abogados

## A FONDO

# Feísmo urbanístico a cambio de que?

**A falta de ordenanza impide que o Concello poida cobrar polo uso destes espazos, que ás veces presentan un estado de abandono**

Os valos publicitarios da cidade de Lugo foron os protagonistas de inmensas novas e debates durante os últimos 15 anos. Isto débese a que non se sabe exactamente cal é o procedemento a seguir para poder montar un valo publicitario. Na actualidade, mantense a mesma incógnita pero cos valos publicitarios da cidade multiplicados en número.

A creación dunha normativa suporía un beneficio para a sociedade lucense, axudaría a eliminar aqueles valos que están en estado irregular e que poden supor un risco para os veciños. Evitaría a actuación dos piratas dos valos, teríase un maior control destas estruturas anunciadoras e, polo tanto, poderíase resolver en boa medida o feísmo que supón para a cidade. A maiores, suporía un beneficio económico para o Concello coa explotación dos chans públicos e o cobro das taxas.

Un valo publicitario ou un panel publicitario, é unha estrutura de publicidade exterior consistente nun soporte sobre o que se fixan anuncios que promoven empresas, actividades ou demais actos. Os valos convertéronse en parte habitual da paisaxe urbana e interurbana presentando anuncios ou mensaxes de propaganda. En Lugo, non existe unha ordenanza específica que regularice este tipo de instalacións. Tan só existe unha normativa en canto á colocación nas estradas, onde están vetadas deixando así ás comunidades autónomas a súa ordenanza. Pola súa parte, Galicia delega esta labor aos concellos dentro dos términos municipais e cascos urbanos. Desta forma, sería o Concello de Lugo o encargado de que estas estruturas cumpran unha normativa que apoie o control dos valos e a seguridade dos mesmos.

O problema radica en que esta regulación é inexistente no Concello, tan só hai unha orde municipal que prohibe a instalación destes elementos publicitarios na zona Pepri, tampouco se poderán colocar na contorna do Camiño Primitivo, segundo determina o PXOM e, seguindo a Lei do Solo tampouco poderán ser situadas en chan rústico, xa que este uso non aparece definido. Foi no ano 2015 cando a estas prohibicións se sumou a relativa á Lei de estradas. O Pepri é o Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma



Á esquerda, o monoposte ao lado do Anxo Carro e, á dereita, valos na Cheda e na avenida de Madrid



Interior do Recinto Amurallado de Lugo. O artigo 52 sobre a regulación da publicidade exterior prohibe a fixación directa de carteis publicitarios sobre edificios, muros valos e cercas e a fixación de soportes exteriores ou bastidores exentos ou luminosos en valos, rúas, prazas, sobre edificios, cornixas ou tellados, en xardíns ou parques públicos ou privados ou en illas de tráfico.

Por outra banda, a Lei do Solo marca no artigo 91 de adaptación ao ambiente e protección da paisaxe que as construcións e instalacións deben adaptarse ao ambiente no que sexan localizadas polo que queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, emprazamento ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

O artigo 37 da Lei de estradas mantén que fora dos tramos urbanos, queda prohibida a colocación, fixa ou provisional de carteis ou outros elementos publicitarios que sexan visibles dende a zona de dominio público da estrada. Este veto supón unha maior seguridade para o condutor evitando así as distraccións e mantendo a concentración na estrada. Isto deixa un baleiro legal no resto dos escenarios onde non hai

nada que impida a colocación de valos publicitarios. A isto, súmase que na cidade tampouco hai unha regulación das características que debe seguir un valo e o procedemento da súa instalación, creando situacións de inseguridade e risco tanto para a circulación viaria, como para os viandantes. Ademais, son un elemento que desvirtúa a contorna e lle resta beleza paisaxística.

En Galicia, cidades como Coruña e Santiago de Compostela contan cunha ordenanza municipal que regula a instalación e as características dos valos publicitarios.

No caso da Coruña, esta ordenanza municipal está en vigor dende o ano 1988 o que lle outorga a cidade maior control e seguridade sobre as estruturas. Nesta ordenanza inclúese as condicións dos emprazamentos da publicidade, as condicións dos elementos publicitarios e o réxime xurídico dos actos da publicidade.

A ordenanza de Santiago de Compostela que data de 2012 ten por obxecto a regulación do exercicio da actividade publicitaria visible desde os espazos públicos de xeito que esta se desenvolva dentro do respecto e mellora do valores da paisaxe urbana, do medio ambiente, do patrimonio histórico-

artístico e natural, en suma, da imaxe da cidade de Santiago.

Na provincia de Lugo destaca o caso de Foz que recentemente retirou dous valos que non estaban regulados e, que ademais, supoñían unha perda de embelecemento da vila.

## AS ADMINISTRACIÓNS

Dende o sector afirman que “a carencia de ordenanza municipal en Lugo é reflexo do desinterese que mostran as administracións no sector”. Isto fíxose patente fai xa cinco anos cando tras un intento de regulación, a rexedora da cidade mantivo un encontro co colectivo de publicidade lucense elaborou un dossier e proxecto de normativa moi concreto e acorde as necesidades do sector, elaborado por profesionais. Este traballo foi presentado ao Concello como se lles pedira e despois de cinco anos, aínda non obtiveron resposta.

A regulación destes elementos é unha reivindicación que levan solicitando as axencias de publicidade da cidade dende fai máis de 15 anos. Por que non se da resposta a unha demanda do colectivo onde todos saírían beneficiados?

## SEGURIDADE

A montaxe dun valo publicitario seguro precisa dunha entidade, sociedade ou actividade profesional especializada no sector con seguro de responsabilidade civil, unha estrutura homologada segundo os criterios do terreo, unha montaxe por un técnico especialista, un terreo público ou privado e a maiores precisárase dunha autorización da entidade administrativa competente. Esta última é a que supón maior dificultade en Lugo ao non haber un texto regulador do sector, dando oportunidade a que a situación se descontrola e se multiplique o número de estruturas anunciadoras na cidade. Esta falta de regulación supón que empresas non especializadas instalen valos creando situacións de risco e perigo ao non ter os criterios e as medidas de seguridade oportunas. Tamén fomenta que existan os piratas dos valos publicitarios, que son aqueles entes que realizan un contrato de instalación e posteriormente desaparecen, deixando de pagar aos donos dos terreos e levando a cabo unha actividade pouco segura e pouco ética que desampara totalmente aos propietarios deses terreos.

## PERDAS ECONÓMICAS

A maiores, a falta dunha regulación supón unha perda na recadación municipal. O habitual na maioría dos concellos do territorio español é que paguen unha taxa correspondente pola concesión das licencias para a instalación dos valos e, ademais, os anunciantes, paguen un prezo estipulado, normalmente de carácter mensual, pola presenza dese anuncio. Desta maneira establécese un tempo determinado no que a propaganda permanecería nunha localización específica.

En Lugo, algúns dos valos pagaron licenza de obra. Porén, a colocación da maioría foi de maneira gratuíta, acción coa que soamente se beneficiaron as empresas privadas ao supor unha perda de ingresos por parte do Concello. Ao carecer de normativa, non se cobran taxas pola realización deste tipo de actividade e tamén se está deixando de ter unha importante recadación de carácter municipal pola explotación do chan público. Coa inmensa cantidade de valos publicitarios cos que conta, a día de hoxe, a cidade de Lugo, os ingresos suporían unha mellora na calidade dos veciños. Desta forma, estas estruturas tan só suman elementos que afean a contorna e estorban á vista.

Coa creación dunha ordenanza, como se fai noutros territorios veciños, estaríase estipulando unha serie de medidas e características que obrigaría a manter o anuncio durante un período de tempo determinado, evitando así a situación de abandono que teñen algúns dos valos da zona e, ademais, cobraríase pola actividade, obtendo uns ingresos que se sumarían aos orzamentos do Concello. Un maior capital implicaría poder ofrecer mellores servizos, infraestruturas e xestións aos seus veciños, axudando a mellorar a calidade de vida dos cidadáns.



Acumulación de valos na avenida Duquesa de Lugo, ao lado da ampliación da estrada



Unha regulación suporía maior seguridade para os cidadáns no seu día a día. A libre colocación dos valos publicitarios infire nalgúns ocasións un perigo para os veciños. Un monoposte debería estar a máis do dobre da súa altura de distancia do eixe da estrada, desta forma, se cae impediríase que algunha persoa resultase ferida. O monoposte localizado na nacional VI, na Cheda, non cumpre esta norma e supón un risco para os veciños. Este, é tamén un dos exemplos das estruturas que se atopan dentro dos terreos do Concello polos que non se percibe ningunha compensación económica, perdendo así unha oportunidade de recadar fondos.

Este tema tivo presenza en diversos plenos do Concello. Cidadanos levou en varias ocasións mocións para esclarecer o tema, o PP presentou propostas para engadir na regulación que o Concello estaba a realizar, e, ningunha das tentativas dos grupos municipais

foron suficiente para lograr acadar unha normativa. Entre as propostas dadas polos grupos municipais atopábase a de poñer un prezo maior a publicidade dos centros deportivos, especificar cando e como habería que renovar o permiso dos valos e prohibir anuncios de carácter sexista que resulte denigrante, xa que nese momento no ano 2016 creouse unha polémica debido á instalación dun valo publicitario que anunciaba un club de alterne. Nese caso particular, foi a propia empresa publicitaria a que decidiu retirar o anuncio.

## FEÍSMO URBANÍSTICO

A ausencia da normativa contribúe de maneira importante á multiplicación destas estruturas nos últimos tempos, acrecentando así o feísmo que supón para Lugo ao perturbar a paisaxe e a contorna. Desta forma os valos publicitarios súmanse aos esqueletos de edificios, casas en ladrillo ou galpóns

sen rematar que dan unha imaxe pouco limpa e impiden a preservación do panorama.

O feísmo, urbanísticamente falando, é un termo que comezou a popularizarse nos anos 2000 en Galicia. Trátase do conxunto de construcións, obras e infraestruturas que degradan de modo algún a súa contorna.

En Lugo, debido ao seu gran número de valos publicitarios, o feísmo é palpable. Unha das súas mostras máis evidentes atópase na entrada á cidade pola Avenida de Madrid. Neste punto, catro valos publicitarios, tres con paneis ilegibles e un con tan só a estrutura, dan a benvida aos veciños e turistas que se achegan ao centro histórico por esta vía. Isto xera unha primeira imaxe da cidade negativa e deplorable, de descoitado e abandono.

Tendo en conta que o Patrimonio Histórico de Lugo é de gran valor, unha imaxe coidada sería de axuda e apoio para incremental e fomen-

tar o turismo, a beleza da súa paisaxe e proporcionar aos cidadáns unha contorna coidada acorde aos múltiples lugares de encanto cos que conta a cidade amurallada.

O estado de abandono e degradación de moitas destas estruturas están a xerar un impacto visual negativo e ademais, supoñen un perigo para os veciños.

Zonas como a Avenida Infanta Elena de Lugo contan na actualidade con preto de 50 valos publicitarios que sorprenden a aqueles que coñecen o proxecto do Concello do barrio ecolóxico que comezou co edificio Impulsa Verde.

Este, é a semente do primeiro barrio multicolóxico de España deseñado dende cero e que combinará solucións urbanísticas e edificatorias para reducir a contaminación e combater o cambio climático. Este proxecto choca coa realidade da contorna chea de anuncios e propagandas que afean o lugar e presentan unha incoherencia coa base do proxecto.



## CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874  
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.  
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993  
[www.clinicadentaltest.es](http://www.clinicadentaltest.es) / [dentaltest@yahoo.es](mailto:dentaltest@yahoo.es)

clínica **TEST** dental

Parking gratuito

## Un dispositivo notificará as alertas ás persoas con perda auditiva no Seminario

O edificio administrativo do Seminario contará cun sistema intelixente Smart para mellorar a accesibilidade das persoas xordas e con perda auditiva. Trátase dun sistema baseado na intelixencia artificial mediante o recoñecemento de sons que se instalará na planta baixa e na segunda planta do edificio de servizos administrativos do Concello, onde se sitúan os departamentos con servizo de atención ao público. O proxecto contempla a instalación de dous sistemas de intelixencia artificial, un en cada planta do edificio, que recollerán as alertas sonoras (como por exem-

plo, alarmas de incendio, avisos de turno, timbres, etc.) e as amosarán en forma de notificacións visuais e sensoriais a través das luces do edificio, así como nos dispositivos smart das persoas usuarias (smartphones, tablets, smartwatch...) a través da app Visualfy, de descarga gratuíta. Para mostrar as alertas en forma visual, instaláranse catro lámpadas de sinalética distribuídas en corredores e salas de espera das plantas mencionadas. Estas lámpadas funcionan como luces de emerxencia, isto é, mostrarán as alertas mesmo se hai un corte de luz ou caída da internet.

## Alcer e Alucem organizan catro roteiros solidarios pola cidade

As asociacións sen ánimo de lucro Alcer-Lugo e Alucem poñen en marcha a súa actividade "Catro estacións para todos en Lugo". Esta iniciativa contará con catro rutas de solidarias accesibles por Lugo, estarán guiadas por Guido Álvarez Parga o cal realizará as rutas de maneira altruísta.

As rutas serán gratuítas tanto para os participantes que formen parte das asociacións como para o público en xeral.

A primeira ruta será a de inverno e terá lugar o 17 de febreiro ás 16.30 horas na Porta Falsa. A ruta de primavera será o 25 de novembro ás 16.30 horas na Porta de Santiago, o día 10 de agosto será a ruta de verán que comezará na Porta Miñá e,



por último, a ruta de outono será o 10 de novembro ás 16.30 horas na Porta de San Pedro.

Alcer é unha asociación sen ánimo de lucro creada no ano 1981.

A súa función principal é a de ofre-

cer información e asesoramento sobre a insuficiencia renal crónica. Alucem, de 1996, destínase a coñecer máis a esclerose múltiple co fin de mellorar a investigación neste campo.

## O Concello promove a lingua galega no cemiterio municipal

O tenente alcalde, Rubén Arroxó e a concelleira de participación Cristina López reuníronse onte co presidente da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, Xosé González, e o seu representante en Lugo, Luís Villares. O tenente alcalde e a concelleira de participación compartiron cos representantes da organización compartiron as distintas accións que o Goberno de Lugo está a estudar para promover a lingua galega no ce-

miterio.

"Desde o Goberno de Lugo recolleemos a proposta desta asociación e estamos a estudar incorporar unha axuda a todas as persoas que desexen galeguizar as lápidas dos seus defuntos", explicou Rubén Arroxó, que engadiu "buscamos traballar en colaboración coa asociación para levar adiante esta campaña, dado o éxito que xa tiveron co seu traballo no cemiterio de San Facundo, en Paradela, único

que contén todas as súas lápidas en galego, e que están a comezar a executar en colaboración co Concello de Lalín".

O Goberno de Lugo continúa a traballar na mellora do cemiterio municipal. De cara ao 2022, a área de Participación que dirixe a concelleira Cristina López, planifica a creación dun espazo expositivo que contará cunha exposición permanente da historia do cemiterio e do antigo cemiterio de Magoi.



**LUGO MONUMENTAL.** A Asociación Lugo Monumental celebrou a súa asemblea anual para a reelección de Luís Latorre como presidente ao ser a súa a única candidatura presentada. Para a Asociación isto significa "un respaldo dos asociados ao labor realizado pola actual directiva que só terá un pequeno cambio xa que haberá unha substitución na representación da Praza de Abastos".

tienda@promedisa.com  
@PromedisaLugo  
Promedisa Ortopedia

**COMPRA ON LINE**

**FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE  
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD**

**COMPRA ON LINE**

**www.promedisa.com**

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715  
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

## 30 persoas xúntanse en Abella para o mantemento da zona

A plataforma Coidemos Lugo realizou unha nova actuación de duradurante toda unha mañá na Abella.

O encontro contou coa participación do equipo de fútbol sala Abella FC e os veciños da zona. Este colectivo presentouse por primeira vez nesta zona para lembrar e concienciar sobre a necesidade de coidar a natureza, o patrimonio e os espazos públicos. Entre os residuos que recolleron as máis de 30 persoas que se congregaron esta mañá, atopáronse xeringas, televisores, madeiras, etc.

Unha acción que se suma ás xa



realizadas no parque de Paradai, no barrio do Castiñeiro, na Milagrosa, Montirón, no Casco Histórico entre outras.

Movemento social lucense que procura xerar un sentimento de amor e respecto polo patrimonio, a natureza e os espazos públicos.

## Os sábados haberá actividades infantís no Mercado Municipal e na Praza de Abastos

A nova programación de actividades infantís na Praza de Abastos e no Mercado Municipal, co obxectivo de “facilitar que as nenas e nenos poidan divertirse e aprender mentres as familias realizan as súas compras na Praza de Abastos e no Mercado Municipal”.

Desde a área de participación búscase “facilitar a conciliación familiar nas fins de semana, e facilitar que a veciñanza poida achegarse a coñecer os produtos de primeira calidade que se comercian”.

As novas actividades terán lugar nas mañás dos sábados de xaneiro,

febreiro e marzo, en horario de 11 a 14 horas. As actividades consistirán en obradoiros de reciclaxe, creatividade e cociña, adaptadas ás idades das nenas e nenos presentes.

A concelleira de Participación afirmou que “continuamos a promover a Praza e o Mercado para facilitar que toda a veciñanza poida coñecer os produtos de primeira calidade que se comercian nestas instalacións”. Cristina López animou á veciñanza a “realizar as súas compras na Praza e no Mercado e disfrutar da atención personalizada das e dos distintos comercios”.

## O Concello retoma o proceso de entrega de tarxetas cidadás

O Goberno de Lugo retomou estes días a entrega de tarxetas cidadás ás veciñas e veciños que as solicitaron nas últimas semanas. Cristina López explicou que “durante o 2021 adquirimos 10.000 novas tarxetas para atender á demanda derivada do cambio de liñas de bus e das distintas campañas postas en marcha polo Goberno de Lugo para animar á veciñanza a facer a Tarxeta Cidadá”.

A empresa adjudicataria, SELP Solutions Spain, interrompeu a entrega de tarxetas debido á subministración de semicondutores, debido a que o provedor do chip usado pola tarxeta cidadá se atopa sen data concreta de espera.

A Tarxeta Cidadá conta con dúas interfaces de comunicacións. A in-

terface “sen contactos”, seguindo a norma ISO 14443/B, controla a radiofrecuencia de proximidade. A interface “con contactos”, segue o estándar ISO 7816. Ademais a tarxeta conta con banda magnética e 5KB de almacenamento.

A Concellería de Participación está en contacto coa empresa concessionaria para atopar unha solución aos problemas de subministro no menor prazo de tempo posíbel. Trátase dunha situación excepcional derivada da crise sanitaria que está a afectar a diversos sectores en todo o mundo. O Goberno de Lugo está a estudar o expediente de adjudicación para valorar a responsabilidade da empresa en caso de non poder formalizar a subministración de tarxetas.

## A biblioteca do HULA recibiu un lote de libros infantís

O tenente alcalde, Rubén Arroxo, e a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, fixeron entrega oficial dun lote de libros infantís á biblioteca do HULA. Rubén Arroxo: “os libros fan pasar o mellor posible uns días de hospitalización, as administracións deberíamos aprender destes pequenos detalles e deixar a un lado as diverxencias políticas”. “Sen dúbida que será un bon agasallo de reises para todas as crianzas que se vexan obrigadas a pasar o Nadal ingresadas neste hospital e para todas as que veñan no futuro”.

Os libros, que estarán recollidos na propia biblioteca do HULA, serán repartidos para pacientes de distintas áreas do hospital segundo as necesi-



sidades dos diferentes servizos, e sempre, adaptándose á realidade de pacientes que reciban os mesmos. O servizo de humanización do HULA estará en contacto co departamen-

to de cultura do Concello de Lugo para colaborar en calquera cousa que mellore a vida das persoas que permanezan ingresadas no centro hospitalario.

### CURSOS

**Xacobeo 21-22**

**INICIO EN FEBRERO**

**CURSOS**

- GESTIÓN LOGÍSTICA
- COMPETENCIAS DIXITAIS BÁSICAS
- INGLÉS EMPRESARIAL
- ELABORACIÓN DE PLATOS COMBINADOS
- NUTRICIÓN Y DIETÉTICA

**¿A QUIÉN VAN DIRIGIDOS?**

- OCUPADOS
- 30% DESEMPLEADOS

**¡Y MUCHOS MÁS!**

SOLICITA INFORMACIÓN EN [formacion@estudiosrafer.es](mailto:formacion@estudiosrafer.es)  
982 22 26 49

estudios rafer

XUNTA DE GALICIA

**Pe iníciate**  
ENFOCA O TEU FUTURO

**Programa de Acompañamento á Inserción laboral da Mocidade**

- Idade entre 16 e 30 anos
- Desempregados
- Inscritos en Sistema de Garantía Xuvenil

Con prácticas remuneradas

T:982 260 204 / M:627281418  
[empleojovenlugo.es](http://empleojovenlugo.es)  
[empleojovenlugo@eoi.es](mailto:empleojovenlugo@eoi.es)

EQUI

EMPRESA DE LUGO

EUROPEAN UNION

## Os restos do escritor Uxío Novoneyra foron trasladados ao Courel



A despedida dos restos do escritor

Partiron cara o Courel os restos mortais do escritor Uxío Novoneyra que permanecían enterrados no Cemiterio Municipal de Lugo. O cadaleito foi despedido coa presenza da familia do escritor, integrantes de todos os grupos políticos que compoñen a Corporación Municipal e representantes de diferentes institucións e entidades culturais. O tenente alcalde, Rubén Arroxó, destacou a importancia da presenza de Uxío Novoneyra en Lugo e da súa categoría como escritor “contribuíu coa súa obra a poñer as letras galegas a nivel

internacional, despois de pasar por Santiago e Lugo os seus restos deben rematar onde foi a súa vontade, no Caurel”.

Co cadaleito cuberto pola bandeira galega, diversas persoas da súa familia e do tecido cultural deron lectura a poemas e fragmentos literarios da autoría do escrito do Caurel. Como inicio da viaxe o gaitero Bruno Villamor interpretou o Himno Nacional Galego ante os restos mortais de Uxío Novoneyra. O cadaleito foi acompañado dunha coroa de rosas brancas doada polo Concello de Lugo.

## Os alumnos dun obradoiro son os encargados do contido dos dispositivos dixitais



Dezaseis rapaces e rapazas, de entre 16 e 29 anos, están a participar no obradoiro impulsado polo Concello de Lugo, START IOT 5.0. Neste obradoiro se están a crear os contidos dos dispositivos dixitais instalados no casco histórico e que, a través dun sistema innovador de cartelería interactiva, permitirán aumentar a visibilidade dos establecementos e dos seus produtos e servizos, facilitando a orientación de novas estratexias de fidelización e venda. O obradoiro está dividido en dous módulos de temáticas diferenciadas con 8 prazas cada un: Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web e Confección e publicación de páxinas web. A

duración dos talleres é dun ano, tempo no que as e os participantes estarán retribuídos co salario mínimo interprofesional. “O obradoiro, dotado cun orzamento de 390.492 euros e financiado en máis do 90% polo Fondo Social Europeo, busca promover a continuidade dos programas académicos coa finalidade de obter os certificados de profesionalidade e mellorar a empregabilidade dos participantes favorecendo a súa cualificación e inserción, previndo no posible e minimizando os períodos de desemprego, o que se constitúe como unha das prioridades deste goberno”, explican dende o Concello.

## Dispositivos de localización GPS ofrecerán maior protección ás traballadoras sociais

As traballadoras sociais do Concello de Lugo levarán consigo dispositivos de localización GPS cando realicen labores de atención domiciliaria, en prol da súa protección.

A medida trata de garantir a integridade do persoal municipal desta área cando exerce as súas funcións fóra dos centros de convivencia, que xa contan con gardas de seguridade para controlar os accesos e impedir que se produzan incidencias.

O sistema de localización, que comeza a empregarse en febreiro e que foi contratado para as 11 traballadoras por un importe de 3.305 euros, inclúe tanto a adquisición dos dispositivos de xeolocalización como o seu mantemento durante o prazo dun ano.

Os aparatos estarán conectados, inicialmente aos ordenadores de Servizos Sociais onde, en caso de ser necesario, se avisará á Policía para que interveña. E, por unha banda, lles permitirá alertar de que se está a producir un incidente pero tamén realizar unha chamada de voz para deixar constancia sonora do que está a acontecer na vivenda.

## O Espazo Permacultural Lugar de Reque presenta a programación

O Espazo Permacultural Lugar de Reque presentou a programación que se desenvolverá ao longo do ano, no paseo do río Rato, na contorna do centro de cestería.

Trátase dunha axenda de actividades formativas e lúdicas que, segundo explicou o deputado de Artesanía e Deseño, Efrén Castro, “permitirán, por un lado, mostrar os principios e técnicas da permacultura ás persoas participantes, por outro, ir implementando o deseño de permacultura previsto para os terreos e mellorar as características construtivas do taller de cestería”.

O coordinador da programación, o permacultor Alexandre Grande Babarro, sinalou “que as actividades se organizaron atendendo aos diferentes ámbitos de aplicación da permacultura (saúde, tecnoloxía, manexo da terra, construción, economía, educación e comunidade) e procurando unha liña de aprendizaxe constante para facilitar para que as persoas interesadas poidan participar en varias das actividades propostas e obter unha visión global da permacultura”.

Entre as actividades previstas, figuran actividades formativas de carácter básico e de aplicación doméstica, como poder ser obradoiros de cosmética natural, alimentación consciente ou de espiral de aromáticas. E propostas de carácter máis técnico, como os curso de agricultura rexenerativa, estufas de barro ou bioconstrución, orientadas ás persoas interesadas en aplicar estas técnicas nos seus contextos familiares ou mesmo profesionais.

Ademais, impulsaranse propostas lúdicas, abertas a toda a cidadanía, como un festival ecofamiliar, previsto para o período estival, ou unha feira de economía social, con producións artesás e ecolóxicas, que se desenvolverá no mes de setembro. Na tempada de xaneiro-febreiro haberá un obradoiro de cosmética natural, un de consumo responsable e outro de botiquín familiar natural. Xa en marzo-abril será o curso de estufas de barro de alto rendemento.

En maio-xuño haberá cursos de agricultura rexenerativa, de creación de espiral de aromáticas e de hoteis de insectos.

## A UNED abre un segundo período de inscrición

A UNED abriu un novo prazo de matrícula o día 3, que se prolongará até o 10 de marzo.

Este período está habilitado para a matriculación do segundo cuadrimestre do presente curso 2021-2022, ao que poderán acollerse os estudantes que cumpran as condicións específicas en estudos de Grao, Máster, Microtítulos e UNED Sénior.

Igualmente, tamén se poderán matricular os estudantes que queiran realizar a Proba Libre de Acceso para Maiores de 25 e 45 anos, do 1 de febreiro ao 14 de marzo.

Todos os trámites realízanse unicamente online e segundo especificacións para cada título: en Grao non existe nota de corte e débese tramitar a Admisión unicamente en caso de traslado de expediente ou simultaneidade de estudos desde outras universidades españolas; e para calquera Máster é necesaria a prescrición. A UNED de Lugo ofrece a posibilidade de acompañar ao estudante no proceso de matrícula a través de apoio informático e orientación personalizada.



# Marfer

INFORMATICA

## INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO  
LUGO Y PROVINCIA



**KYOCERA**  
Distribuidor Autorizado



**EPSON**



**OKI**  
DISTRIBUTION PARTNER



**EXIT ERP**  
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE



CRM



CONTABILIDAD



PRODUCCIÓN



GESTIÓN



E-COMMERCE



FIDELIZACIÓN



EXIT MOBILE



EXIT SGA

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084  
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

# Avanzamos nunha nova MOBILIDADE



Concello de Lugo  
Área de Mobilidade e  
Infraestruturas

Tenencia de Alcaldía  
Concello de Lugo

#ActivandoLugo

# “O maior logro aínda está por vir, verase nos vindeiros meses”

Rubén Arroxo, tenente alcalde de Lugo, fala sobre a transformación que está a vivir a cidade

**Como definiría a Lugo como Concello?**

Lugo é un concello bastante interesante porque ten unha parte histórica. É a cidade máis antiga de Galicia e ademais esta rodeado dunha zona verde espectacular. Somos a única cidade galega que está dentro da rede da biosfera, polo tanto temos esa marabilla que é compaxinar a parte histórica coa parte medioambiental.

**Que ten Lugo que non teñen outros municipios?**

Primeiramente que temos a única muralla romana do mundo que está completa na súa integridade. É algo que é único en todo o planeta, eso é algo que nos fai exclusivos a nivel mundial. Pero a maiores, temos tres patrimonios da humanidade. Poucos sitios o teñen. Ademais, contamos tamén con toda esa rede da biosfera ao redor. Ten unha actividade cultural moi intensa e unha gastronomía da cal podemos presumir alá onde vaíamos.

**Cal considera que é a maior actuación que se fixo no Concello de Lugo?**

Eu creo que é a peonalización da Mosqueira. Cando unha persoa quere representar Lugo, a imaxe que se lle ven á mente é a Muralla cos arcos da Mosqueira porque é o símbolo que máis identifica á cidade, pode que inclúa a catedral ou outros elementos, pero sempre están os arcos da Mosqueira. Polo tanto, esa peonalización e converter ese espazo, que era un paso de vehículos, nun paso peonil para que poida desfrutar tanto a xente de Lugo, como a xente que nos visite, eu creo que é



un asunto clave que vai ter moita importancia na nosa cidade.

**Que vantaxes ten o goberno actual en referencia co anterior?**

Eu creo que é un goberno máis sólido. Isto permite poder sacar moitas máis cousas adiante. Ademais, eu creo que a entrada do BNG no goberno foi fundamental e aportamos moitísimas cousas que levabamos no noso programa, no noso proxecto e, polo tanto, permite que Lugo avance por esa liña.

**Como ve á cidade de Lugo nun futuro?**

A cidade de Lugo nun futuro vai ter

a muralla totalmente peonil no seu redor. Como dicía, é a única muralla romana do mundo que se conserva na súa integridade e hai que asumir a súa protección. Quero velo tamén totalmente rehabilitado, coas edificacións totalmente rehabilitadas, que sexan rúas vivas, cheas de vida, con actividade cultural e que a xente disfrute moito da súa cidade. Eu creo que imos polo bo camiño e que podemos chegar a telo.

**“Iníciáanse proxectos cun pouco de medo que finalmente teñen unha boa acollida”**

**Cal é a maior necesidade de Lugo na actualidade?**

As comunicacións. Lugo está sendo a cidade que está quedando máis incomunicada. Por iso a importancia de rematar as autovías. Non ten sentido que Lugo aínda non teña autovía, no ano 2022, que a comunique coa capital de Galicia, nin co sur. Practicamente estamos incomunicados. A nivel ferroviario xa non te podes expor usar o tren. Polo tanto, eu creo que a maior necesidade que temos son as comunicacións.

**Que é o que o fai sentir máis orgulloso da cidade de Lugo?**

Son moitas cousas, pero a propia xente de Lugo que é a que é capaz de facer que esta cidade sexa tan

acolledora, intensa, dinámica. Unha cidade na que dá gusto vivir.

**Cal considera que é o maior reto ao que se tivo que afrontar na súa vida política?**

Eu creo que foi a primeira vez que fun candidato nas eleccións municipais porque era un momento ademais moi difícil para o BNG, incluso se falaba de que o grupo tiña dificultades para manter a representación, pero o certo é que mantivemos a representación que tiñamos e, pouco a pouco, fomos avanzando e agora o BNG é un referente en Lugo.

**E o maior logro acadado?**

Eu creo que está por vir e que se verá nos vindeiros meses.

**Que diría que lle queda por facer para acadar o Lugo que quere?**

Pois moitísimo. Queda seguir avanzando nas peonalizacións para que nun futuro a muralla sexa totalmente peonil. É un reto complicado, sobre todo o ir deseñando as alternativas de tráfico, pero ten que ser un obxectivo. E seguir avanzando por rehabilitar as edificacións da cidade para que os barrios estean rehabilitados, e para que a vivenda teña un acceso para toda a poboación e siga sendo unha cidade dinámica como está a ser. Eu creo que pode ser aínda máis.

**Que é o máis complicado da súa profesión? Nalgún momento se descansa e se deixa de ser político?**

Non se descansa, un é político todo o día porque recibes peticións,

suxestións, críticas, queixas as 24 horas do día. Ao final, é moi difícil desconectar. Seguramente eso sexa o máis complicado. Ao final aquí estamos porque queremos e porque entendemos que isto é o que queremos facer neste momento e, polo tanto, aí imos seguir.

**Cal é o truco para separar a vida persoal da política?**

Pois é moi complicado. Eu creo que non hai truco, ten que ir un pouco ligado e tratar de buscar momentos de desconexión. A min, por exemplo, gústame o deporte e é un momento no que desconecto un pouco pero o certo é que ata correndo me teñen parado para dicirme cousas que teño que facer. É realmente complicado.

**Nalgún momento complicado o abandono pasou pola súa mente?**

No, en ningún momento.

**Que é o que máis lle decepcionou dentro da política? Que non esperaba?**

Eu creo que as actitudes dalgunha xente que ás veces son demasiado destrutivas. Hai persoas que baixo o meu punto de ver tiveron actitudes que estaban encamiñadas a intereses partidistas que a ser construtivos coa cidade.

**“O que máis me gusta son as contornas que ten Lugo nos espazos verdes e sobre todo as rutas fluviais”**

**Que é o que máis lle sorprendeu?**

Eu creo que foi a boa acollida dos proxectos que estamos a realizar por parte da poboación de Lugo. Polo xeral a xente di que estamos polo bo camiño e que nos apoian. Isto é sorprendente. Si que temos iniciado proxectos que nun primeiro momento poden asustar e a verdade é que a xente está de acordo e iso sorprende positivamente.

**Como se está a levar o goberno en coalición?**

Estase levando bastante ben. Dunha forma moi respectuosa e moi correcta. Sabendo que os gobernos de coalición son difíciles porque somos dúas organizacións ideoloxicamente diferentes que soubemos poñer por diante a Lugo e creo que o estamos levando dunha forma bastante positiva.

**Que é o que máis lle gusta de maneira persoal da cidade de Lugo?**

O que máis me gusta son as contornas que ten Lugo nos espazos verdes. Sobre todo, as rutas fluviais. Para min son os espazos que máis me gustan de todo o Concello pola natureza e a tranquilidade que resal-

**XATOBA XESTION**  
**EN VENTA**

Dúplex en Concepción Arenal (Lugo)  
143.000 euros

**Características principais:**  
- Duplex en Concepción Arenal (Lugo)  
- 143.000 euros

**Características principais:**  
- Ascensor, garaxe, froiteiros.  
- 105 metros cuadrados.  
- Edificio do ano 1990.  
- Calefacción central de gasoil.  
- Comunidade 143 euros.  
- Amueblado, en buen estado.  
- CE: F

**Características principais:**  
- Duplex en Concepción Arenal (Lugo)  
- 143.000 euros



tan. É unha marabilla poder ter ese luxo pegado á cidade.

**As nova rutas dos autobuses urbanos foron criticados polos veciños, co paso do tempo houbo algún tipo de modificación?**

Eu discrepo niso, non foron criticados polos veciños, foron criticados polo presidente da federación de veciños. Foi unha persoa en concreto que utilizou máis de 40 datos falsos, por unha cuestión partidista desta persoa que leva dende que entramos no goberno intentando desgastarnos. Despois si que houbo críticas, como en todo cambio, había xente que estaba habituada a unha ruta e entendía que lle era máis cómoda. Pero, o certo é que cando se fai un cambio no transporte público hai que facer unha visión da totalidade da cidade e, na totalidade da cidade, mellorou moito.

**Foi noticia o ano pasado que o transbordo dos autobuses sería gratuito neste 2022? Estase a traballar neste eido?**

Si, está o expediente preparándose e cando estea rematado o transbordo será de balde.

**Estase a loitar dende o BNG polo tren en Lugo. Como vaticina o futuro?**

Non me atrevo a dicir nada. Eu o que agardo é que poida chegar un tren moderno a Lugo que poidamos comunicar con cidades próximas como A Coruña e Santiago Compostela en tempos competitivos, que poidan ser 40-45 minutos. Non falamos de alta velocidade, senón un tren que poidan alcanzar medias de 140 km/h. Isto son comunicacións dignas do século XXI e é o que esperamos pero, a verdade é que vai moi lento, polo que toca seguir loitando para que sexa unha realidade.

**Cales son as maiores demandas que lle fai a xente da rúa? E queixas?**

De todo tipo, do máis variado. Polo xeral, adoitan ser cousas pequenas,



*O tenente alcalde Rubén Arroxó, diante de varias das obras e cambios emprendidos polo seu departamento na cidade de Lugo*

nunha rúa hai unha beirarrúa en mal estado ou que hai que repoñer. Tamén hai moitas persoas que propoñen cousas moi interesantes como pode ser que coñecen unha medianeira dun edificio onde se pode facer un mural, coñecen unha rúa que se pode peonalizar e outro tipo de ideas. A verdade é que como cada

persoa é un mundo atópase de todo. Queixas tamén por suposto, coches aparcados en zonas onde non deberían estar, beirarrúas en mal estado e todo tipo de cousas.

**Segue ligado ao deporte?**

Si, aí seguimos intentando non soltalo para intentar manter unha vida




saudable e que permita desconectar aínda que sexa un pouco do traballo político de cando en vez.

**Cales diría que son os puntos fortes da cidade en canto ao deporte para acadar os numerosos éxitos cos que conta na actualidade?**

O punto forte de Lugo son tanto os

deportistas, como os clubs, como os profesionais do deporte. Mentres sigamos tendo os profesionais do deporte que temos en Lugo, adestradores, clubs e todas as persoas que se involucran no deporte ao nivel que se involucran en Lugo, o futuro do deporte lucense estaría asegurado.



C-27-001194

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental  
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

## Convocan un novo curso de rexistros akashicos, curación chamánica e decretos en Ikigai

O Centro Holístico Ikigai ofrecerá os días 19 e 20 un curso sobre rexistros akashicos, curación chamánica e decretos. A formación correrá a cargo de Rocío Pereiro Domínguez e para máis información e realizar as reservas haberá que contactar no número 696 629 696.

O módulo 1 dividirase en diferentes temas: os chakras corpóreos e extracorpóreos, a radiostesia con baleas e péndulos, planos etéricos, os animais de poder, coñece os teus guías, meditación de subida, terapia chamánica: subidas, entes, vidas pasadas, karma, maxia e limpeza enerxética.

O módulo 2 estará centrado na terapia chamánica a un mesmo e aos demais, limpeza de casas ou locais, lectura de rexistros con preguntas e respostas, decretos, lectura e de-



cretos a un mesmo e a outras persoas.

Águeda Fernández convida a xente a que se apunte xa que se trata “dunha formación que aportará crecemento persoal e espiritual. Podes utilizar tódolos coñecementos adquiridos para sandarte a ti mesmo ou para axudar a outras persoas na súa curación e no seu desenvolvemento espiritual”.

## O colectivo veciñal, preocupado pola ocupación ilegal de vivendas

A Asociación de Veciños de Lugo Lucus Augusti mostra preocupación pola situación que están a rexistrar os barrios da cidade de Lugo motivada pola ocupación ilegal de vivendas, que agora afecta en especial o Barrio do Sagrado Corazón, pero que tamén preocupa noutros Barrios como o da Milagrosa, As Gándaras, e resto de zonas da cidade.

Desde a asociación queren facer un chamamento ás autoridades co fin de que tomen conciencia real desta grave situación e cambien a Lei en relación a ocupación ilegal de vivendas. “Pedimos que sexa unha Lei máis dura do que é actualmente, e que preserve o dereito á propiedade desde o minuto un”.

“Solicitamos que todas estas persoas que ocupan ilegalmente vivendas non se inclúan no padrón municipal e retírenselles as axudas sociais ás que poidan ter dereito” continua a federación que tamén pide que os propietarios de vivendas, tanto particulares como entidades bancarias, as teñan debidamente pechadas sen



decaer no abandono.

A asociación recorda que “se che ocupan unha vivenda e non actúas nas primeiras horas, non se pode facer nada, tendo que recorrer á vía xudicial, incorrendo en gastos (avogados, procuradores, ...), xa que ao final os ocupas decláranse insolventes e non sofren ningunha pena.

Moitas veces vemos como os ocupas e as mafias organizadas contorna á ocupación, conectan auga e luz de forma ilegal, co correspondente perigo que supoñen estes tipos de

conexións, ademais dos custos que nos repercuten a todos”.

Por todo isto a Federación solicita a reforma da Lei e que esta inclúa penas de prisión por este tipo de ocupación, xa que “os ocupas campan ás súas anchas e mesmo chantaxean aos propietarios, provocando unha situación insostible, pedimos penas de prisión con efecto disuasorio”.

En moitas ocasións, cando termina unha ocupación o propietario ve como a súa vivenda sufriu danos, danos que non se resarcen.

## Reforzarán a vixilancia policial durante as fins de semana

A alcaldesa, Lara Méndez, e a subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, abordaron a organización dos dispositivos que se desenvolverán na capital durante as fins de semana co obxectivo de disuadir comportamentos violentos e condutas incívicas.

“Sabemos, as cifras así nolo constatan, que Lugo é o municipio máis seguro de Galicia pero, aínda así, conscientes da preocupación social que agromou tralos últimos altercados rexistrados no Casco Histórico, imos fornecer os efectivos para garantir a orde pública”, afirmou a rexedora.

Precisamente, a subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez destacou que “Lugo é unha cidade tranquila e segura e as forzas de seguridade traballan para que continúe a ser así”. Así o demostran as estatísticas policiais que reflicten un descenso do 9,84% dos delitos graves e menos graves rexistrados na cidade o ano pasado en relación cos rexistrados antes da pandemia, en 2019.

“Así, di Méndez, incrementárase a presenza de axentes alí onde sexa necesario para velar pola protección da veciñanza e do patrimonio, para controlar que se respecten as recomendacións sanitarias e as limitacións da pandemia, pero poñendo o foco, nominativamente, en evitar calquera tipo de proceder indebido ou de enfrontamento”.

## Cintia Folgueira, galardoada como mellor moza científica menor de 35 anos



A bióloga lucense Cintia Folgueira Cobos recibiu o galardón á mellor moza científica na XII Reunión de Mozas Investigadoras no Estranxeiro que outorgan os Museos Científicos da Coruña.

A XII Xuntanza de Novos Investigadores no Estranxeiro que tivo lugar na Domus da Coruña reuniu a investigadores galegos que desenvolven o seu traballo en países como China, Polonia, Reino Unido, Suecia e Francia co fin de presentar o seu proxecto. Química, xenética, física, astrofísica, inmunoloxía e microbioloxía, medio ambiente, cirurxía e neurociencia son al-

gúns dos eidos científicos que tiveron cabida neste acto.

A lucense, Cintia Folgueira Cobos recibiu o premio á mellor científica menor de 35 anos. Este premio foi concedido pola Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas de Galicia, AMIT-Gal.

A investigadora lucense forma parte do Centro de Investigación Cardiovasculares Carlos III, un centro de excelencia recoñecida internacionalmente que se adica a comprender as bases fundamentais da saúde e a enfermidade cardiovascular, trasladando dito coñecemento ao paciente.

## Lugo recibe un premio pola visibilidade das mulleres castrexas



O Concello de Lugo recibiu en Fitur 2022 o galardón Tourism Women Friendly, promovido pola organización Mujeres para el Diálogo y la Educación (MDE), pola visibilización das castrexas no Arde Lvcvs e o protagonismo das mulleres nesta festa de recreación histórica. Trátase da terceira edición destes premios cuxo obxectivo é estimular os produtos relacionados coas mulleres e o turismo, facilitarlles e mellorar a súa vida nas viaxes e darlles visibilidade.

O xurado valorou, por unha banda, o papel que as castrexas tiveron hai 2.000 anos na defensa pacífica da súa terra dominada entón polos romanos e, por outro, na época actual, o protagonismo das mulleres na

celebración da recreación histórica Arde Lvcvs, con catro asociacións formadas integramente por mulleres e unha presenza e participación superior ao 40% en todas as celebracións. Neste senso, a rexedora destacou que “é unha honra recibir este galardón, pois significa que o Arde Lvcvs segue a crecer, tendo cada vez máis visibilidade fóra das nosas fronteiras, e o fai, ademais, contribuíndo a poñer en valor e dar a coñecer o papel das mulleres na historia da cidade”.

O Concello recibiu este premio dentro da categoría “Destino”, na que participaron numerosas cidades, pobos, localidades, festas e roteiros que teñen un trazo distintivo cara ás mulleres.

# Asorlu afirma ser unha das entidades máis afectadas pola covid

Asorlu é unha entidade sen ánimo de lucro que vela polos intereses das persoas xordas, xordocegas e das súas familias en Lugo. Tratan de superar tódalas barreiras de comunicación que limitan e condicionan a participación social en igualdade de condicións das persoas xordas e xordocegas, a través do servizo de intérprete de lingua de signos. O principal instrumento para garantir a eliminación das barreiras de comunicación é o Intérprete de lingua de signos, ao ser o medio que permite establecer unha comunicación simultánea entre persoas xordas, xordocegas e oíntes.

Ademais loitan tamén pola reivindicación dos dereitos das persoas xordas e xordocegas.

Asorlu foi constituída no ano 1975 e xurdiu como un punto de encontro entre as persoas xordas da cidade de Lugo e provincia, co obxectivo de compartir lingua, experiencias, inquedanzas, así como actividades de lecer.

Co paso dos anos consolídase e créanse a maiores servizos para dar cobertura ás necesidades que van xurdindo.

Falamos con Daniel Lourés Ferro, presidente da Asociación

## Que valores ten a Asociación?

Implicación social, participación, transparencia e defensa dos dereitos das persoas con discapacidade auditiva.

## Que obxectivos ten a Asociación?

A misión da Asorlu é acadar a plena inclusión das persoas xordas e xordocegas en tódolos ámbitos da sociedade a través da reivindicación dos seus dereitos e a prestación de servizos que den resposta

as súas necesidades.

## Que actividades realiza?

Charlas, conferencias e xornadas; actividades de tempo de lecer; visitas guiadas, excursións e viaxes; encontros e festas tradicionais.

## Que ten que facer unha persoa que queira beneficiarse dos vosos servizos?

Hai dúas opcións: para poder participar nas actividades en xeral que se organizan, as persoas deben darse de alta como socios/as; e por outra banda, para acceder os servizos non é preciso ser socio/a e poden acceder a eles calquera persoa con discapacidade auditiva ou vinculado a esta.

## Cantos socios son na actualidade?

Na actualidade a Asorlu conta cun total de 111 socios e socias.

## Que motiva aos voluntarios a colaborar?

A xunta directiva da Asorlu está formada por socios/as de forma voluntaria e sen remuneración, os cales traballan motivados polo mantemento e cumprimento da misión da asociación. Actualmente está formada por:

Daniel Lourés Ferro, presidente, Verónica Cascudo Cao, vicepresidenta, Ana Freijido Núñez, secretaria, e Alberto Jesús Mejuto Rodríguez, tesorero.

## Como afectou a covid-19 aos pacientes usuarios?

Sobretudo é a implantación do uso da mascarilla, xa que para nós é fundamental o apoio na lectura labial así como a expresión para comunicarnos, e isto limitanos

moito. Por outra parte, as atencións telefónicas (principalmente no ámbito médico). Dende Asorlu puidemos dar solución a isto ofrecendo servizo de videochamada con intérprete de lingua de signos.

## Que beneficios ten formar parte da Asociación?

Asociarse a Asorlu ten como beneficios ter información e acceso a todo o que implica o movemento asociativo de persoas xordas e xordocegas.

## De que forma chegan a máis xente, como se dan a coñecer ou como chega a xente a interesada a Asociación?

Maioritariamente dende os seus inicios foi o boca a boca e agora tamén a través das redes sociais.

## Que maneiras existen de colaborar coa asociación?

Aquelas persoas sen discapacidade auditiva poden colaborar facéndose socios/as de Asorlu ou mediante donativos.

## Ten algún evento ou actividade próximo en datas?

Debido a covid nesta tempada vémonos limitados a hora de organizar actividades. Sen embargo no mes de novembro, a pesar de ser con un ano de atraso, celebramos o 45 aniversario da entidade.

## Que foi o máis difícil de crear a Asociación?

Naquela época non había intérpretes de lingua de signos, o que dificultou a xestión burocrática. Foi grazas a colaboración desinteresada duns coñecidos oíntes os cales axudaron cos trámites para a posta en marcha da entidade.



## Como sobrevive unha Asociación destas características?

A fonte de ingresos da Asorlu, o tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro, ven a través da cota de socios/as e de subvencións. Grazas os convenios nominativos da Deputación de Lugo e o Concello de Lugo, podemos ofertar o servizo de intérprete de lingua de signos.

## Existe a crenza social que as persoas xordas tamén son mudas, isto non é así na totalidade dos casos, a que se debe esta falta de información? Cre que hai pouca sensibilización social coas persoas xordas?

É certo que se etiquetou as persoas xordas como "xordomudas", pero é un termo mal empregado, xa que a maioría das persoas xordas o único que teñen afectada é a audición. Non cremos que sexa tanto unha falta de sensibiliza-

ción, se nón o descoñecemento ou mesmo o uso que se lle dá sistematicamente nos medios de comunicación.

## Fai pouco o Concello de Lugo anunciou a instalación dun dispositivo Smart no edificio administrativo para a notificación de emerxencias a través de sinais luminosas. Estanse a notar avances en canto a melloras de accesibilidade á información pública para as persoas xordas ou este é un caso aillado?

Hai algúns avances, pero dada a situación actual do emprego das novas tecnoloxías, consideramos que se poderían facer moitas máis cousas, beneficiándose delas. Pero sen dúbida o principal problema que nos seguimos atopando despois de moitos anos de loita, é a falta de acceso en lingua de signos as 24 horas do día o servizo galego de saúde.



## Nova data para o concerto de Ara Malikian en Lugo



Ara Malikian actuará no Auditorio Gustavo Freire presentando a súa última xira mundial *The Ara Malikian World Tour*. O concerto terá lugar o día 5 de marzo ás 20.30 horas.

Nun principio, o concerto ía ter lugar o día 9 de xaneiro. Porén, tras detectar un positivo no equipo técnico imposible de reemplazar con tan pouco tempo de antelación, o concerto

foi aprazado ata o vindeiro 5 de marzo. As entradas adquiridas para a primeira data serán válidas para esta segunda.

O artista, libanés de nacemento, conta con ascendencia armenia e residencia e nacionalidade española. Iniciouse no violín de moi pequeno grazas ao seu pai e coa temperá idade de 12 anos, deu o seu primeiro concerto importante.

## Viva o San Froilán, un proxecto que dá visibilidade aos artistas lucenses

Viva o San Froilán é un proxecto que nace para dar visibilidade aos artistas lucenses a través das Festas do San Froilán e viceversa, dar visibilidade ás festas a través das miradas de artistas lucenses. Ademais ten por obxecto a creación dun arquivo dixital, fotográfico e de ilustracións, con valor histórico de ditas festas.

O San Froilán é unha festa de interese turístico galego e festa de interese turístico nacional que se celebra do 4 ao 12 de outubro en Lugo.

**ARTISTAS.** Noelia Alpe é comunicadora audiovisual e fotógrafa, Belén Cordero é unha ilustradora e fotógrafa, Lorena Grandío encárgase da dirección de arte e o desenvolvemento de imaxe creativa para artesáns, oficios e marcas. Marcos López é un fotógrafo cofundador, director e fotógrafo de Viva Lugo, César López Suárez fotógrafo é músico en Berta Franklin e Kimuro, e Iván Mouronte que é ilustrador, animador e fotógrafo.



**HOMENAXE A CASTELAO.** O BNG realizou unha homenaxe a Castelao coincidindo co 72 aniversario do seu pasamento. A deputada no Parlamento de Galicia, Olalla Rodil, xunto con cargos orgánicos e institucionais do BNG, realizaron unha ofrenda floral na estatua de Castelao da rúa da Raiña de Lugo.

## Seguen as exposicións no Museo Provincial e no Vello Cárcere

O Museo Provincial de Lugo inaugurou dúas mostras que forman parte do programa Mulleres Rurais que sitúan as mulleres que viven en ámbitos rurais no centro de procesos creativos. As mostras *Recolectoras: Memoria e Terra* e *Proximidade Llungana* estarán na sala de exposicións do Museo Provincial de Lugo e a entrada será gratuita.

*Recolectoras. Memoria e Terra*, comisariada por Alexandra R. Rey, é un proxecto desenvolvido mediante xornadas de co-creacións artísticas coa comunidade en conversa con artistas contemporáneas do tecido cultural galego. Co fin de xerar narracións colectivas que poñen en primeiro plano a realidade da figura feminina no rural. Recolle as creacións realizadas por 69 mulleres que viven no rural en obradoiros e encontros coas artistas María Gar, artista gráfica e instalativa; Ana Gesto, artista visual e performance; Isabell Seidel, pintora; e Andrea Torres, en diferentes emprazamentos, desde os propios domicilios das participantes ata espazos cedidos por outros colectivos. Trátase de fotografías con composicións determinadas polos relatos das protagonistas, serigrafías e pezas cerámicas que as participantes realizaron acompañadas polas artistas, que lles facilitaron os recursos e as indicacións técnicas, e inspiradas nas súas traxectorias vitais, vinculadas ao rural.

**LUÍS PEINÓ.** Trala boa acollida do público das obras de Luís Ferreiro Peinó



Andrea Torres, explicando o proceso creativo das serigrafías

no Vello Cárcere, decidiuse ampliar o prazo de exposición e, finalmente, permanecerá na cidade lucense ata o próximo 17 de febreiro.

**FLORES SILVESTRES.** A exposición *Flores Silvestres de Galicia* consta de 19 pinturas realizadas en óleo sobre lenzo mostrando a través da arte as distintas flores silvestres que se poden atopar nos montes galegos, como o toxo, os pampullos ou os croques. Cada pintura acompaña dunha explicación sobre a historia desa flor, con datos como a orixe, as propiedades, o hábitat no que se atopa ou o seu período de floración.

**MANUEL SUÁREZ.** O Vello Cárcere acolle tamén a mostra *Realidade Interior*, de Manuel Suárez. Estas obras destacan pola pintura abstracta característica do autor.

Esta exposición temporal está cons-

tituída por un total de 36 obras de diversos formatos e técnicas, que foron realizadas a través dun proceso creativo marcado pola introspección, a experimentación e a materia. Outro aspecto a salientar da obra é a combinación de diferentes materiais, mediante os que Manuel Suárez crea atmosferas envolventes e volumes orgánicos que conviven coa enérxica xestualidade do seu trazo. Tendo como fonte de inspiración a abstracción e a xestualidade do Informalismo, o artista afonda nas súas vivencias e no seu propio sentir, e plasma esta realidade interior dun xeito intuitivo e intimista en series que artellan a mostra en bloques cromáticos. Segundo Miguel Anxo Fernán Vello, os seus impulsos materialízanse nas formas máis arcaicas da linguaxe plástica humana. Poderá ser visitada na primeira planta de homes ata o 27 de marzo.

## Aberto o prazo de presentación para a XLIV Semana de Cine

A cita, xa consolidada na cidade coa súa cadaxésimo cuarta edición, terá lugar do 19 ao 24 do próximo mes de setembro.

A Semana de Cine de Lugo celébrase nesta cidade desde 1979, promovida polo Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá, co apoio da Deputación Provincial de Lugo, Concello de Lugo e Xunta de Galicia, e a colaboración da Universidade de Compostela-Campus de Lugo.

Con esta convocatoria ábrese oficialmente o prazo de presentación de películas (Longametraxes e Curtametraxes) para conformar a programación oficial da Semana. A presentación de películas poderá efectuarse ata o 2 de maio ás 14.00 horas do presente ano a través de

secilug@gmail.com.

Poderán presentarse películas producidas entre 2020 e 2022, inclusive, e non poderán exhibirse nin editarse comercialmente en España en salas públicas (agás en festivais), televisión, VoD ou webs antes do 19 de setembro próximo.

As obras terán que ser de ficción, tanto imaxe real como animación, con máis de 60 minutos de duración en longametraxes, mentres que as curtametraxes non poderán exceder os 30 minutos. Se o idioma da película é outro diferente ao castelán, a obra deberá estar subtitulada.

Estáblecese preferencia a aquelas películas que traten temas e xéneros que poña en valor aos cineastas

emerxentes no cine de carácter autor do cine independente internacional, cine español inédito, camiño de Santiago, cine galego e o cine dentro do cine.

**PREMIOS.** En total establécense cinco premios dotados en 6000 euros. Mellor Película da Sección Oficial (Premio do Público) que serán de 3.000 euros; Premio do Xurado "Muralla de Lugo" para a Mellor Película do Cinema das Nacionalidades que será de 1.500 euros; O Premio do Xurado á Mellor Película Documental que será de 500 euros; o Premio do Público á Mellor Película Galega que será tamén de 500 euros e o Premio do Público á Mellor Curtametraxe cun valor de 500 euros.

## O auditorio acollerá seis obras de teatro no mes de febreiro

No mes de febreiro a programación comezou o xoves 3 de febreiro coa obra *Salvador* da compañía de Borja Fernández.

Continuará o domingo, 6 de febreiro representárase *Leonardo e os Biosbardos* da compañía A Xanela do Maxín, unha obra de teatro familiar que está recomendada para un público infantil de máis de 6 anos. Ten unha duración de 50 minutos e comezará ás 18.30 horas. A solidariedade, o ecoloxismo, a integración, a vida na natureza ou o despoboamento do rural son outras das temáticas que se tratan nesta obra. Stracciatella Teatro porá en escena *...e poñerán esposas ás flores*, unha obra de 80 minutos. Trátase dun dos dramas máis provocativos de Fernando Arrabal no que se presenta a dicotomía dun ser humano que pode facer cousas fermosas como chegar á lúa e outras terribles como

asestarlle un tiro a Lorca no cu. A obra transcorre nun cárcere español do final da posguerra civil e inspírase no caso de Julián Grimau, executado en 1963 polos seus crimes cometidos durante a guerra civil uns 25 anos antes.

O domingo 13 de febreiro será a quenda de *Cubo* da compañía Elefante Elegante. Esta obra está recomendada para público infantil de máis de 3 anos e ten unha duración de 45 minutos. O espectáculo ten orixe na abstracción da figura xeométrica do cubo e parte da situación de confinamento que todos vivimos para evocar a amizade, as separacións, a necesidade de descubrir o mundo e a aventura de medrar.

Continuará a programación *Camino a la escuela* de Campi qui Pugui o domingo, 20 de febreiro. Esta obra está recomendada para todos os públicos e durará 50 minutos. Conta

co premio á mellor posta en escena en Feten 2021, tamén foi galardoado como mellor espectáculo familiar nos premios da crítica 2021. O espectáculo conta a extraordinaria historia de tres irmás que se enfrontan diariamente a obstáculos e adversidades para chegar á escola. Tres nenas que viven nun país calquera, nun lugar tan lonxano como próximo, que non falan ningún idioma concreto e, ao mesmo tempo, fálanos todos.

A última representación do mes será *Smoke on the water* da compañía Ibuprofeno Teatro o xoves 24 de febreiro. A obra durará 85 minutos. Conta co premio de teatro Mome Varla Buxán 2013. É unha traxicomedia sórdida con música en directo. Unha historia de sexo, drogas, rock and roll, enfermidade, violencia, prostitución, vandalismo, morte e, por suposto, de amor.

## O proxecto '5 Lúas cantando e sementando' chegará os hortos aos colexios



Presentación do programa

O tenente alcalde, Rubén Arroxo xunto co concelleiro de educación, Felipe Rivas e a coordinadora da Tradescola, Mónica Fernández presentaron o proxecto 5 lúas cantando e sementando co que o Goberno de Lugo organizará hortos escolares en todos os centros públicos de ensino que o desexen. Arroxo explicou que "con estas actividades pretendemos amosar ás nenas e nenos as labores propias dos hortos, ao mesmo tempo que fomentamos o coñecemento da cultura tradicional galega".

A concellería de Educación, en colaboración coa Tradescola organizará as actividades nos centros de ensino que as soliciten. Felipe Rivas explicou que "as actividades utilizarán o traballo no horto como recurso educativo, para tratar todo o que ten que ver co medio natural, o seu coidado e a concienciación ambiental". Ao mesmo tempo, as actividades pretenden ser unha ferramenta para espallar as tradicións galegas relacionadas co inicio da primavera.

Os centros que se sumen a esta iniciativa contarán con 7 sesións

de 50 minutos, que se realizarán entre os meses de febreiro e maio. As sesións combinarán actividades no horto e nas aulas, combinando distintas metodoloxías pedagóxicas para acadar os distintos obxectivos do proxecto, como poden ser ampliar o coñecemento das nenas e nenos sobre os diferentes cultivos, así como o aproveitamento dos mesmos, fomentar comportamentos responsables e comprometidos no coidado da natureza ou comprender e interiorizar os procesos de sementar e plantar, así como o desenvolvemento posterior das plantas e os coidados necesarios para o seu desenvolvemento óptimo. As actividades rematarán coa colleita dos cultivos, compartindo o recollido polo grupo, para logo poder consumilo cada un, na súa casa.

Ao mesmo tempo, achegarase aos participantes a coñecer distintas músicas, cantigas, celebracións e tradicións relacionados co ciclo do ano, e permitiráselles coñecer celebracións tradicionais relacionadas coa natureza, como os maíos

## Un artigo de Pablo Veiga neste medio gaña o premio do Belén de Begonte

O último artigo que Pablo Veiga, colaborador deste xornal, publicou este mes en [www.galiciaxa.com](http://www.galiciaxa.com) co título *Medio século de ilusión* fíxose co primeiro premio do concurso de xornalismo que convoca todos os anos o Belén de Begonte.

O premio está dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.

O segundo premio foi para Santiago Rodríguez López e o seu traballo *O neno Deus naceu na cima da Guiza*, dotado con 300 euros e estatuíña.

Ademais, o xuado decidiu conceder dúas mencións de honra tamén pola



calidade dos traballos a Begonte, *Unha estrela dourada*, publicado por Xoán Neira; e *Detrás de cada ollada*, de Ruth Fernández.

O xurado do certame, convocado polo Centro cultural José Domínguez Guizán, impulsor do Belén Electrónico de Begonte, estivo formado por Javier Arias, delegado territorial da Xunta; José Ulla Rocha, alcalde de Begonte; Jesús Domínguez Guizán, presidente do centro cultural; Blanca Pacín, bibliotecaria; Xulio Xiz, xornalista, e José Rodríguez Gómez, que actuou como secretario.

**TE ENCONTRARÁS COMO EN CASA**

**Oficina de Galán**

**CENTRO DE DÍA**

Atención sanitaria - Atención psicológica - Podología - Fisioterapia y rehabilitación - Terapeuta ocupacional - Trabajo social  
Animación sociocultural - Comedor y control nutricional - Servicio de lavandería - Vehículos adaptados

Ronda Fontiñas 7 bajo, 27002 Lugo - Tfno.: 982 06 07 08 - ofogardegalan@gmail.com

**ATENCIÓN PERSONALIZADA**  
Horario: de 08:30 a 20h.  
Nos adaptamos a tus necesidades horarias

## 2.522 inmobles do rural disporán proximamente de Banda Ancha

593 Pequenas agrupacións de vivendas, en total 2.522 inmobles do rural lucense, disporán proximamente de Banda Ancha. A área de medio rural, que dirixe o tenente de alcaldesa Miguel Fernández, vén de acadar que a Dirección Xeral de Telecomunicacións do Goberno de España mellore, a través do Plan Único que mantén en vigor até o 2023, o acceso nas parroquias ás redes de telefonía móbil e Internet.

“Unha actuación importantísima, asegurou o concelleiro, que beneficiará á totalidade do censo estatal de zonas brancas ou con ausencia de operador na nosa localidade e que suporá un antes e un despois no que ten que ver coas prestacións que ofrece o rural para asentamento de poboación, para rachar coa brecha que, neste aspecto, o lastra fronte ás contornas urbanas e que propiciará, así mesmo, o desenvolvemento dixital para o sector agrogandeiro ou forestal pero tamén a moder-

nización empresarial en xeral, incrementando a calidade de vida da cidadanía e os servizos aos que ten acceso, que é o que pretendemos en última instancia”, afirmou Miguel Fernández.

O edil anunciou, ademais, que, nestes momentos, o Executivo de Lara Méndez colabora con AMTEGA, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica da Xunta de Galicia, que xunto ao Goberno Central son as dúas administracións que teñen competencias na materia, para estender a outras 15 entidades singulares de poboación o despregamento de redes 4G.

“As beneficiarias son Alta, Locai, Marcoi, Riobó, Vilariño, Bacurín, Carricova, O Burgo, Gondar, o Hospital, San Pedro de Abaixo, San Pedro de Arriba, Miñao, Cabanas e Torible nas que, nas vindeiras semanas, se buscarán xa os terreos axeitados para poder instalar as torres en coordinación coa empresa Retegal que é a responsable de executalas”, indicou

o edil.

Fernández explicou, igualmente, que o impulso dado pola súa área á mellora da calidade das redes de acceso móbil de voz e Banda Larga no rural ten como base técnica o estudo elaborado polo Concello para determinar, de xeito preciso, as necesidades de cobertura dos 320 núcleos que integran as 54 parroquias de Lugo.

“Unha análise que serviu como base para documentar as nosas solicitudes a fin de poder detallar cal era a situación real do municipio e as demandas que, ao noso xuízo, urxía atender con maior prioridade, de xeito que, logo destas actuacións hoxe anunciadas, xa non existirán no noso Concello zonas con máis de dúas entidades de poboación sen redes de alta capacidade ou 4G, agás unha pequena porcentaxe de lugares nas que non ten aplicación este tipo de tecnoloxía pola súa dificultade orográfica ou xeográfica”, concluíu o tenente de alcaldesa.

## A Xunta prohíbe de novo as queimas agrícolas e forestais

A partires das 00,00 horas do sábado 29 de xaneiro quedaron prohibidas as queimas de restos agrícolas e forestais realizadas por particulares en Galicia, quedando excluídas desta prohibición as queimas controladas que executa o Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais debidamente planificadas e dispoñendo dos medios de extinción precisos. Isto implica que non se darán máis permisos e os xa concedidos antes quedan en suspenso.

A decisión tomouse tras avaliar a evolución da situación meteorolóxica e unha vez analizados polo miúdo os diferentes indicadores técnicos que inciden no risco de lume. Tamén tendo en conta que a normativa – Decreto 105/2006, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais– prohíbe as queimas cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control.

Así mesmo, a Consellería do Medio Rural pide colaboración da cidadanía para que extreme as precaucións e denuncie calquera actividade delictiva incendiaria da que teña coñecemento.



## Retirados 22.680 quilos de lixo do Carqueixo

A área de Medio Ambiente retirou un total de 22.680 quilos de lixo do Carqueixo, nun dispositivo especial de limpeza que se puxo en marcha en dúas xornadas.


O operativo, segundo sinalou o tenente de alcaldesa e responsable de área, Miguel Fernández, artellouse en resposta a unha petición veciñal, “trasladada polos residentes na contorna para dar conta do estado no que se encontran as vías que rodean este poboado lucense”. Fernández explicou que a brigada de limpeza acude con asiduidade á zona tanto para proceder á retirada de refugallo que se amorea no vertedoiro como nas vías das intermediacións e que se corresponde,

fundamentalmente, con entullo procedente da construción, como restos de madeira, persianas, etc”. O edil indicou alén que “foron enviadas dúas pas e dous camións e varios operarios para poder separar a gran cantidade de residuos que se atopaban na zona”.

“O Concello de Lugo actúa á maior brevidade posible cada vez que ten coñecemento de que se están a orixinar estas acumulacións incontroladas de refugallo, polo que convidamos e agradecemoslle á veciñanza que, se ten coñecemento delas, nolo faga chegar ben a través do 010, ben mediante a aplicación Liña Verde, para poder atallalas”, solicitou Miguel Fernández.

## A Deputación destina 18.000 euros para o estudo da Arnica

O Campus Terra da USC revela novos segredos sobre a árnicica (Árnica montana L.) grazas ás pescudas que están a desenvolver investigadores da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría e da Facultade de Veterinaria da USC ao abeiro do convenio existente entre a USC e a Deputación Provincial de Lugo, que en 2021 destinou 18.000 euros ao estudo desta planta.



Esta nova achega orzamentaria permitiu ao equipo de traballo coordinado polos profesores Manuel Vera Rodríguez, da Área de Xenética, e Rosa Romero Franco, da Área de Producción Vexetal, dar continuidade a estudos previos que xa permitiran identificar unha variabilidade xenética importante entre as distintas poboacións de árnicica analizadas en Galicia, coa presenza de diferentes grupos poboacionais que apuntan cara a unha relación directa entre a tipoloxía bioquímica e a variabilidade xenética atopada nas distintas poboacións naturais. Logo deste primeiro achado e para evitar a perda de poboacións naturais de árnicica, os investigadores do Campus Terra puxeron en marcha en 2018 parcelas de cultivo en Cospeito. Os bancais habilitados nuns terreos da parroquia de Xermar permitiron constatar que é viable domesticar con éxito a Árnica montana L, ao tempo que demostraron que os rendementos produtivos desta árnicica cultivada son superiores ás das poboacións silvestres.

Con estes antecedentes e sabendo que a A. montana está presente en todo o norte peninsular, os investigadores da USC optaron por estender os estudos de caracterización morfolóxica, bioquímica e xenética a poboacións doutros territorios da cornixa Cantábrica para coñecer a distribución dos distintos grupos. De feito, este ano analizaronse poboacións procedentes de Asturias, Castela-León, País Vasco e Cataluña.

Os resultados preliminares, sobre os que está previsto afondar en 2022 cun Traballo Fin de Máster dentro de Máster en Xenómica e Xenética da USC e cunha publicación científica nunha revista internacional, indican que as poboacións situadas na costa cantábrica estarían máis relacionadas coas poboacións galegas de quimiotipo ibérico, mentres que as poboacións de Castela-León e Cataluña estarían máis ligadas ás poboacións da Serra do Courel, que presentan o quimiotipo Europeo.

## Convocadas as axudas da PAC

O DOG publicou a orde de Medio Rural que regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema Integrado de Xestión e Control, as coñecidas como axudas da PAC. Os gandeiros e agricultores galegos poderán presentar a solicitude única dende mañá, 1 de febreiro, ata o 30 de abril, accedendo directamente cun certificado dixital á aplicación informática SGA ou acudindo ás distintas entidades colaboradoras.

O orzamento previsto para esta convocatoria elévase aos 210 millóns de euros, dos cales 170 millóns corresponden cos pagamentos directos da PAC e 40 millóns de euros coas medidas de desenvolvemento rural (axudas a zonas con limitación naturais, agroambiente e clima, agricultura ecolóxica e para o mantemento de plantacións forestais en

terras non agrícolas), cun aumento de cinco millóns de euros.

Neste senso, prevese que uns 25.000 agricultores e gandeiros soliciten estas achegas, que xestiona o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) e que son de gran interese para o sector primario. Grazas a estas axudas conséguense reducir as diferenzas entre a renda agraria e a urbana, á vez que se potencia os agricultores realmente activos e prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o medio ambiente. Nesta campaña, cabe resaltar que os interesados poderán descargar diferentes aplicacións electrónicas para informarse sobre as axudas da PAC, consultar as súas solicitudes, facer alegacións e mesmo realizar fotografías xeorreferenciadas cando sexa necesario para completar algún dos procesos precisos para a concesión das achegas.

## Comezan os traballos da pasarela do centro de saúde de San Roque

O tenente Alcalde e concelleiro de Mobilidade e Infraestruturas, Rubén Arroxo, asistiron ao replanteo da primeira fase da construción da pasarela que permitirá mellorar a accesibilidade do centro de saúde de San Roque, obras que xa están en marcha. O tenente alcalde explicou que “trátase dunha intervención importante para a veciñanza da zona que permitirá mellorar enormemente a accesibilidade do centro de saúde”.

A primeira fase das obras consiste na construción das zapatas que sosteñen a pasarela, e completárase posteriormente coa instalación da estrutura. De cara á instalación das zapatas será preciso modificar certos servizos xa habilitados na rúa, como as canalizacións, actuacións que se realizarán “tratando de garantir en todo momento os menores inconvenientes posibles para as veciñas e veciños da zona”, explicou Arroxo.

O Goberno de Lugo adjudicou esta obra por un orzamento de

220.013,95 euros. A empresa que presentou a mellor oferta, Urbaconsa Lugo, terá un prazo de 4 meses desde que comencen os traballos para construír esta nova infraestrutura.

“Desde a nosa chegada ao Goberno Municipal tratamos de dar a mellor solución posible a esta solicitude que a veciñanza da zona levaba moito tempo realizando”, explicou Rubén Arroxo, que engadiu “desde a área de Mobilidade estudamos as distintas alternativas para darlle solución a este obstáculo, especialmente importante na unión do Centro de Saúde coa rúa Primavera e coa rúa Peña Anda”.

A solución exposta pola área de Mobilidade pasará por crear unha pasarela que una o comenzo da rampla que dá acceso ao centro médico coa parte alta da escalinata Primavera, pasando por riba da entrada do carril do xuízo, segundo o estipulado na normativa vixente sobre accesibilidade e permitindo o paso de vehículos pola

parte inferior. A pasarela terá un gálibo de máis de 4 metros, o que permitirá a circulación de vehículos pola súa parte inferior. A lonxitude total será de 34,68 metros. A nova pasarela permitirá, segundo declarou o tenente de alcalde, “unir o centro de saúde e as rúas Primavera e Peña Anda cun percorrido practicamente plano”.



Rubén Arroxo, visitando o inicio das obras

## Novo plan de tráfico en Fontiñas

O concelleiro de infraestruturas, Alexandre Penas, informou das modificacións de tráfico que entraron en vigor debido á construción da pasarela peonil do Carril do Xuízo, na zona de Fontiñas. O edil de Infraestruturas explicou que “desde a Concellería de Infraestruturas buscamos sempre que os traballos se executen producindo as mínimas molestias á veciñanza, e neste caso só será preciso modificar o sentido de circulación de dúas

rúas da zona”.

O plan elaborado pola Concellería de infraestruturas para o desenvolvemento dos traballos modificará o tráfico na rúa Peña Anda, deixando só en sentido ascendente cara a Doutor Balanza. O último treito de Doutor Balanza modificará ao mesmo tempo o sentido de circulación, comunicando deste xeito as rúas Emilia Pardo Bazán e Carril de Catasol.

A primeira fase desta actuación

obras consistirá na construción das zapatas que sosteñen a pasarela, e completárase posteriormente coa instalación da estrutura. De cara á instalación das zapatas será preciso modificar certos servizos xa habilitados na rúa, como as canalizacións, actuacións que se realizarán “tratando de garantir en todo momento os menores inconvenientes posibles para as veciñas e veciños da zona”, explicou Alexandre Penas.

## Inaugurada a nova pasarela peonil que une as dúas marxes da N-VI

Afeccionados do CD Lugo e membros dos clubs que adestran e compiten nas instalacións deportivas da contorna fluvial coa alcaldesa de Lugo inauguraron a nova pasarela peonil sobre a N-VI, promovida no marco da estratexia DUSI Muramiñae co fin de mellorar a accesibilidade ao río desde a trama urbana.

Con esta ponte créase un novo itinerario seguro para peóns e bicicletas que vai a favorecer a continuidade do casco urbano á zona do Miño, pois ata o de agora soamente existían accesos peonís mediante pasos inferiores, ademais de reducir a dependencia do uso do vehículo e mellorar a seguridade viaria.

Esta nova infraestrutura permite que os nenos e a mocidade poidan trasladarse a realizar deporte e gozar das oportunidades de ocio que ofrece o río de maneira segura, andando ou en bicicleta. Tamén se beneficia toda a cidadanía.

Esta pasarela é unha das obras que está a executar para transformar a mobilidade da cidade, co fin de convertela nunha cidade que aposta pola sustentabilidade tendo en conta o coidado do medio ambiente e a loita contra o cambio climático.

O Concello está traballando tamén na mellora doutros accesos ao Miño como a ampliación do paso soterrado da N-VI, e en breve comezará a executarse a peonalización desde a Calzada da Ponte ata a nacional. Ao mesmo tempo, se están construíndo novos equipamentos de uso público e gratuito, como as caldas e a praia fluvial, que permitirán impulsar as actividades a desenvolver na contorna fluvial, e que a cidade gañe un novo recurso cultural, de recreo e turístico.

Gracias a iluminación ornamental instalada no exterior, e que complementa á interior de led branca ao longo de todo o pasamans inferior, a infraestrutura pode adoptar diferentes cores. Así, por exemplo, os días que o CD Lugo dispute os seus partidos no Anxo Carro, iluminárase coas cores albivermellas para animar ao equipo. Así mesmo, a pasarela sumárase aos edificios municipais que se iluminan en distintos días do ano para darlle visibilidade a numerosas accións que solicitan as asociacións e colectivos.

Durante o acto de inauguración, levouse a cabo o descubrimento dunha placa conmemorativa. Ade-

mais, tamén houbo unha actuación a cargo do Espazo de Danza da USC e unha chocolatada e sesión de música co DJ Marcos Peón.

**CARACTERÍSTICAS.** Trátase unha pasarela de pavimento antideslizante e de arco metálico rebaixado, que se considera o máis adecuada debido á súa luz libre de 45 metros, apoiada en dous estribos de formigón, circulares de 1,5 metros de diámetro, que á súa vez sirven de apoio ás rampas de acceso, tamén metálicas e con trazado helicoidal.

O acceso norte realizase dende o actual paso de peóns sobre o ramal de enlace coa N-VI, para o que se acondicionou un camiño peonil que discorre entre os ramais do enlace dirección Madrid-Lugo e Lugo-Coruña, de xeito que se comunica o paso de peóns coa isleta na que se sitúan as rampas de acceso. O acceso sur comunica a rampa cun paso de peóns existente no entorno do aparcadoiro, e este á súa vez, coa beirarrúa que bordea o complexo deportivo.

O orzamento deste proxecto, enmarcado dentro da estratexia DUSI Muramiñae, da Muralla ao Miño, é 971.250 euros.



**FLORISTERÍA  
ROSE FLOR**

San Roque, 173 Bajo - Lugo  
982 223 504  
680 453 401  
ros3-flor@hotmail.com

¡FELIZ San  
Valentini!

## As brigadas municipais fixeron case 700 reparacións no 2021



Visita de Arroxo ás brigadas municipais

O tenente de alcalde, Rubén Arroxo, xunto co concelleiro de infraestruturas urbanas, Alexandre Penas, visitaron ao persoal da brigada municipal de vías e obras, que durante o ano 2021 atendeu un total de 680 reclamacións veciñais. Arroxo destacou que “as preto de 700 reparacións realizadas durante todo o ano proceden na súa maior parte de solicitudes da veciñanza, reparacións pequenas que melloran o día a día das veciñas e veciños de Lugo”.

A brigada de obras realizou o pasado ano un total de 258 in-

tervencións na sinalización da cidade reparando ou substituíndo sinais, marcas viais ou bolardos deteriorados, ademais, melloraron 100 tapas de rexistro que producían molestias á veciñanza por facer ruído ou estar soltas. Executáronse tamén 281 arranxos en vías públicas, tapando fochancas ou renovando partes das beirarrúas máis deterioradas. As 41 actuacións restantes consistiron en renovacións e instalacións de mobiliario urbano, como bancos ou aparcabiscis, e noutras reparacións.

## Realizan traballos de limpeza e mantemento no aparcadoiro do HULA

O Goberno de Lugo realizou unha nova actuación de mantemento no aparcadoiro municipal do HULA, “unha actuación necesaria que planificamos para realizar en distintas épocas do ano para garantir o bo funcionamento desta instalación”.

“Os mantementos céntranse na parte frontal do aparcadoiro, a que máis tráfico recibe cada día”, di o edil de Infraestruturas, que lembra que “o aparcadoiro ten unha extensión de 5.020 metros, un total de 360 prazas de estacionamento entre a parte frontal e a traseira”.

O concelleiro explicou que “o espazo de aparcamento gratuito habilitado polo Concello supón un aforro para as veciñas e veciños de máis de 600.000€ anuais, calculando a cantidade de vehículos que esta infraestrutura pode acoller durante cada xornada”.

O aparcadoiro municipal do HULA acolle, cada día, 2.520 horas de estacionamento gratuito, un total de 604.800 horas nos 240 días hábiles do ano, o que supón 604.800€ de aforro, calculando a hora de estacionamento a 1€. Desde o Goberno de Lugo calcúlase o aforro tendo en



Aparcadoiro do Hula

conta unha ocupación media de 7 horas en cada unha das prazas de estacionamento.

**MALEZA.** Tamén se levaron a cabo os traballos de limpeza de maleza no entorno do Hospital. Estiveron a cargo de operarios de Urbaser efíxose en fin de semana “para evitar as molestias aos veciños que se teñan que achegar ata o complexo hospitalario”. Esta actuación está enmarcada nas execucións que realiza a concellería de Medio Ambiente de maneira periódica para manter en bo estado as áreas de maior tránsito da cidade.

## En marcha, obras nas Gándaras, A Campiña e a rúa da Brétema

Na rúa da Brétema, no barrio da Ponte, veñen de comezar os traballos de renovación da capa de rodadura. A solución adoptada pola concellería de Infraestruturas Urbanas consiste na aplicación dunha capa de rodadura baseada en mestura asfáltica en quente, que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, o que asegurará que a intervención sexa duradeira. Unha vez rematado o asfaltado, adaptaranse os rexistros á nova cota da vía e renovarase a sinalización horizontal.

A concellería de Infraestruturas realizou durante estes anos diversas actuacións no barrio da Ponte, renovando varias rúas perpendiculares á principal, instalando elementos de calmado de tráfico na rúa principal e renovando a sinalización horizontal na zona.

**GÁNDARAS.** Comezaron tamén os traballos de renovación en sete rúas das Gándaras. O Goberno de Lugo está a actuar na Calzada das Gándaras, no treito entre as rúas Ferradura e Venancio Senra.

A solución adoptada pola concellería de Infraestruturas consiste na reno-



Traballos na rúa da Brétema da Ponte

vación da beirarrúa cunha nova capa de formigón ruleteado, cun espesor de 15 cm. Para construír a nova capa de formigón, comezouse a coa demolición da beirarrúa actual.

Nos pasos de peóns existentes instaláranse baldosas de botóns direccionais, cumprindo coa normativa de accesibilidade. Unha vez rematados os traballos, adaptaranse os rexistros existentes á nova cota da beirarrúa.

Tamén actuarán nas rúas Ferradura, Ouriol, Garza e no Camiño das Regas e Pista da Fervedoira e mellorar o firme de Rúa Tras do Colexio .

**CAMPIÑA.** As naveas da Campiña en Lugo contarán cun mellor acceso grazas aos traballos que se están a realizar dende a fin de semana. Estes inclúen a renovación da capa de rodadura do acceso á zona industrial. Os traballos consisten na aplicación dunha capa de rodadura baseada en mestura asfáltica en quente, que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, o que asegurará que a intervención sexa duradeira. Unha vez rematado o asfaltado, adaptaranse os rexistros á nova cota da vía e renovarase a sinalización horizontal.

## O carril bicil terá aparcadoiros e bancos de recarga intelixentes

O Concello de Lugo comezou xa a instalación de 9 plataformas de acceso a illas de reciclaxe no marco das obras do novo carril bici. Estas plataformas permitirán que o peón poida cruzar o carril bici con seguridade e con preferencia sobre o ciclista para acceder aos contedores, ademais de permitir o acceso aos mesmos a persoas en cadeiras de rodas.

As 9 plataformas, que gardarán a mesma estética (cores e debuxo) que as instaladas para acceder ao bus urbano, seis estarán situadas en Rolda do Carme entre as dúas calzadas, unha na Fonte dos Ranchos e dúas na Rúa Orquídea.

Na planificación deste proxecto contempláronse varias solucións de accesibilidade para facelo totalmente inclusivo; así, por un lado instaláronse once plataformas de acceso ao bus urbano nas paradas que se atopan no traxecto da senda verde ciclista e, agora, instaláranse estas novas plataformas de acceso ás illas de reciclaxe. Nestes momentos xa está instalada unha na Rolda do Carme, e as demais quedarán instaladas nas próximas semanas.



Plataforma da Ronda das Mercedes

**MÁIS MOBILIARIO.** Ademais destas estruturas, instaláronse once plataformas de accesibilidade ao autobús urbano tamén na senda verde ciclista, e iniciouse a colocación de aparcabiscis e marquesiñas aparcabiscis. Tamén se localizarán bancos de recarga intelixentes, en distintas zonas, dotados de placas solares, para facilitar a recarga de bicicletas, con portos USB e portos de carga inalámbrica de teléfonos móbiles, posibilidade de conexión a internet, equipamento para reparación de bicicletas e compresor de aire.

**MARQUESIÑA.** O Concello pechou o proceso de licitación para a compra de dez novas marquesiñas para a súa colocación en distintas zonas da cidade, atendendo así os reclamos dos lucenses, e que terán un custe de 67.760 euros.

Estas novas estruturas colocaranse nas paradas de Rúa Armórica, Estrada vella de Santiago (onde o balneario), Avenida da Coruña 344 e 394, Obras Públicas, Ronda da Muralla 118, Rúa San Roque, Avenida de Magoi 23 e 69 e Avenida Carvalho Calero 18.



# Lugo sufrirá cortes nas rúas pola peonalización en Recatelo

Comezarán os traballos de peonalización no barrio de Recatelo, nas rúas Avelino Pousa Antelo e Isaac Díaz Pardo. Arroxo afirmou que “estamos a traballar na mellora da imaxe dun barrio histórico da cidade, situado entre a Muralla e o Parque de Rosalía”, e destacou que “Recatelo pode ser unha importante zona de paseo, entre o centro e o Parque de Rosalía, e ao mesmo tempo podemos mellorar os servizos e a calidade de vida da veciñanza”.

O tenente alcalde presentou o plan de tráfico que se aplicará durante a primeira fase dos traballos, que comezará a aplicarse o vindeiro luns, e que consistirá no corte da rúa Isaac Díaz Pardo. Nesta rúa manterase aberto ao tráfico o treito que comunica as rúas Avelino Pousa Antelo e Cidade de Viveiro, e mudará de sentido, quedando habilitado en sentido Avelino Pousa Antelo – Cidade de Viveiro. Ao mesmo tempo mudará o sentido de Avelino Pousa Antelo, quedando en sentido Puro Cora – Isaac Díaz Pardo. Será preciso tamén eliminar tres prazas de estacionamento na rúa Puro Cora e de Avelino Pousa Antelo.

Arroxo explicou que “con estes traballos daremos un paso adiante na humanización do barrio de Recatelo, engadíndoas aos traballos xa realizados no verán pasado na rúa



Vila de Sarria”. Esta actuación sairá a licitación cun orzamento máximo de 260.425,15€, e un prazo de execución de 6 meses.

**MOSQUEIRA.** O tenente alcalde, Rubén Arroxo xunto co edil de infraestruturas urbanas, Alexandre Penas, visitaron a Mosqueira onde puideron comprobar os avances realizados na peonalización deste treito da Ronda da Muralla nas últimas semanas. Arroxo afirmou que “os traballos avanzan a bo ritmo, e en poucas semanas a veciñanza de Lugo poderá desfrutar deste novo espazo peonil”. O tenente alcalde explicou que “desde o Goberno de Lugo marcámonos como prioridade o remate desta actuación nas vindeiras semanas”.

A nova praza contará cunha pavimentación novidosa en Lugo, que alterna céspede e baldosas. O tenente alcalde explicou que “isto permitirá mellorar a percepción do monumento e abrir á veciñanza un dos espazos máis simbólicos da cidade”.

A nova praza peonil resultante será un espazo multiusos, con zonas verdes e espazo para a realización de actividades culturais e de ocio, na que se respectará a visión dos arcos da Mosqueira e do edificio racionalista do arquitecto Eloy Maquieira.

“Unha das liñas de traballo da área de Mobilidade, da que é protagonista a peonalización do tramo da Mosqueira, é retirar progresivamente os vehículos da Muralla, dando así solución ás vibracións que están a converterse nun problema para a estrutura, tal e como advertiu o Ico-

mos”, lembrou o tenente alcalde.

# Novas actuacións para mellorar a accesibilidade nas rúas

O Concello de Lugo acometerá diferentes actuacións para mellorar a accesibilidade nas rúas das cidade.

Pequenas intervencións que consistirán, especialmente, no rebaixe dos bordos de varios pasos de peóns da capital pero tamén na substitución do seu adoquinado o que implicará refacer por completo esta parte da calzada.

Estas actuacións que serán moi importantes para a consecución dunha mobilidade integradora. Estas suporán un investimento conxunto próximo aos 50.000 euros e que se executarán atendendo ás demandas trasladadas pola Asociación Auxilia para mellorar aqueles aspectos urbanos que poden condicionar a calidade de vida das persoas con diversidade funcional.

Nas vindeiras semanas, comezarán os traballos para reformar os pasos de cebrada da rúa Vilalba e Ángel López Pérez, mentres que na rúa do Teatro se eliminará o empedrado existente nos extremos da vía onde se mantén aínda algunha lastra.



Actuarase tamén na Rolda da Muralla, na confluencia con Lois Cordeiro e na Avenida da Coruña, a altura do número 85 e nas proximidades de Perpetuo Socorro.

Durante os últimos anos se dotou de elevadores, para corraxir os desniveis de altura existentes, a barrios cunha orografía complexa e cunha alta densidade de poboación como son os de Fontiñas ou o Sagrado Corazón. Tamén se foi substituíndo, de forma progresiva, o pavimento da beirarrúa que circunda a Muralla

por outro que resulta máis cómodo e practicable para o desprazamento de cadeiras de rodas ou carriños de bebés.

Tamén se traballa actualmente en corraxir o desnivel existente nas rúas que circundan o centro de saúde de San Roque e tanto na creación de novos espazos ou nos proxectos de reforma de zonas públicas existentes, como as peonalizacións da Mosqueira e de Quiroga Ballesteros ou a eliminación da pasarela de San Roque con Montero Ríos.

## Programan obras de renovación integral en Lamas de Prado

O concelleiro de infraestruturas urbanas, Alexandre Penas, lembrou que o Goberno de Lugo iniciará nas vindeiras semanas a renovación da rúa Lamas de Prado. Penas fixo balance dos traballos executados durante o ano 2020 pola concellería de infraestruturas urbanas no barrio. “Estes traballos consistiron na renovación da sinalización horizontal e na creación de novos pasos de peóns elevados para garantir a seguridade das e dos peóns nestas zonas, especialmente das nenas e nenos”, declarou Alexandre Penas, que engadiu “continuaremos a mellorar Lamas de Prado, cunha renovación integral que vai aumentar a accesibilidade e que mellorará a súa estética, mellorando a imaxe da cidade e do barrio”.

O Goberno de Lugo investirá 533.933€ nesta actuación, que foi adxudicada a Construcións RAFER S.L. Penas destacou que “actuaremos tanto na renovación da parte

visible da rúa, como a estrada e as beirarrúas, e nos servizos que están soterrados”.

A seguridade vial da zona mellorará con esta renovación. A renovación das beirarrúas permitirá aumentar a accesibilidade ao eliminarse as barreiras arquitectónicas da rúa. “Ao mesmo tempo, continuarase avanzando no calmado do tráfico, ao instalarse na zona novos pasos de peóns elevados, ademais de mellorarse a disposición da sinalización vial”, explicou. O treito fronte á praza do Castiñeiro converterase nunha plataforma única, gañando espazo peonil sen afectar á mobilidade dos vehículos.

Renovarase, ademais, o mobiliario urbano e as zonas verde, instalárase unha nova marquesiña para a parada do bus, e habilitarase novos aparcabicis “para continuar a fomentar o uso da bicicleta e do transporte público como medio de transporte alternativo”, afirmou.

## A rúa Dinán conta cun novo paso de peóns

A rúa Dinán conta cun novo paso de peóns que unifica os parques infantís co Camiño de Santiago.

A acción enmarcase, xunto co novo paso de peóns que se fará en San Eufrasio, na estratexia iniciada pola área de mobilidade e infraestruturas de achegar os espazos de xogo infantil e o camiño de Santiago dun xeito seguro. Despois de materializar pasos de peóns elevados no entorno dos centros escolares da cidade a área de mobilidade e infraestruturas está a dotar as contornas dos parques infantís e do Camiño de Santiago e pasos seguros para as persoas. A empresa OVISA será a encargada

de executar as obras dos pasos de peóns elevados que nas rúas Dinán e San Eufrasio cun orzamento que ronda os 20.000 euros. “Feron moitas as persoas que están demandando a construción deste paso elevado e que dende o concello de Lugo imos a facelo canto antes para cumprir co noso obxectivo de reducir o número de accidentes e facer de Lugo” sinalou Rubén Arroxo que engadiu “tratase doutra actuación máis nesta zona na que se corraxiu o sentido de circulación do tráfico, se fixo unha dársena para o bus urbano e se incrementaron considerablemente as prazas de aparcamento”.

## Comezou a licitación da cafetería do Vello Cárcere

A Xunta de Goberno Local autorizou o inicio do procedemento de licitación para a xestión da cafetería do Vello Cárcere, logo de que a área de Contratación actualizara os pregos.

Introducíronse nos requisitos técnicos e administrativos determinados aspectos para incentivar o interese do empresariado local de acordo ao contexto social e sanitario actual.

Para a concesión valorarse, entre outros aspectos, o embele-

cemento do recinto e a proposta de actividade máis innovadora.

A concesión, que terá unha duración de dez anos, prorrogable, anualmente, até un máximo de 5 máis, sairá a licitación por un canon mínimo mensual de 1.360 euros (16.320 euros/ano).

Será competencia da ou do adxudicatario acometer a instalación de todo o mobiliario e equipamento e executar a saída de fumes e a instalación completa de gas.

## Dous proxectos do CIFP das Mercedes reciben unha axuda

O Ministerio de Educación e Formación Profesional vén de seleccionar dous proxectos nos que participa o CIFP As Mercedes de Lugo na última convocatoria de axudas para o desenvolvemento de proxectos de innovación e investigación aplicadas e transferencia de coñecemento no ámbito da Formación Profesional. O Goberno financia con case 440.000 euros os dous proxectos nos que participa o CIFP As Mercedes, xunto con outros centros de Formación Profesional das comunidades autónomas de Castela-A Mancha, País Vasco e Cataluña. Cada un dos centros educativos

recibirá 50.000 euros por proxecto. Unha das axudas, dotada con 220.000 euros, destínase ao proxecto *Realidade virtual para a formación en enerxías renovables*. A finalidade deste proxecto é realizar un simulador virtual para as familias de Eficiencia Enerxética.

A segunda axuda, por importe de 219.900 euros, destínase ao desenvolvemento do proxecto *CIEES Network para a instauración do programa de ensino, aprendizaxe da innovación a través do desenvolvemento de prototipos nunha rede de innovación en centros de Formación Profesional*.

## Repoñeran 40 exemplares de arboredo das zonas verdes

A área de Medio Ambiente, que dirixe o tenente de alcaldesa Miguel Fernández, reporá este inverno 40 exemplares de arboredo urbano para mellorar o ornato da cidade, contribuíndo, ademais, a garantir o correcto mantemento das zonas verdes da capital.

O concelleiro explicou que estes traballos, incluídos dentro das tarefas ordinarias de conservación das zonas verdes, “se levarán a cabo até o mes de marzo en 32 rúas de barrios como a Piringalla, o Casco Histórico, a contorna da Avenida da Coruña, a Milagrosa ou Lamas de Prado, así como na explanada do Anxo Carro, á saída da nova pasarela sobre a N- VI, alén de na praza Horta do Seminario onde xa estaba previsto colocar tamén unha camelia xunto á placa conmemorativa coa que se homenaxea a Juan Almonte Herre-

ra e ao resto de persoas detidas ou desaparecidas.

“En total repoñeremos 40 árbores de diferentes variedades coas que pretendemos mellorar a imaxe do municipio e integrar as especies vexetais como elementos decorativos pero sobre todo proactivos na loita contra o cambio climático e na consecución dun incremento da calidade ambiental dos espazos urbanos”, sinalou Miguel Fernández. O responsable de Medio Ambiente referiu, igualmente, que tamén foron extraídos un total de 17 árbores que se atopaban na traxectoria que segue o itinerario do Carril Bici, polo que estes exemplares, situados nas rúas Río Ulla, Guntín e Xermán Alonso, foron acomodados noutras propiedades municipais, como a Casa da Xuventude ou parcelas municipais do Ceao e as Gándaras.

## Veciños de San Antonio piden o arranxo dos pasos de peóns

A Asociación de Veciños e Comerciantes do Barrio de San Antonio, presidida por Cecilia Vázquez García, denuncia o estado no que se atopan os tres pasos de peóns situados na confluencia das rúas Lamas de Prado e Serra de Outes na capital lucense. Na actualidade permanecen case borrados na súa totalidade.

Este feito supón un risco para a seguridade vial e cidadá, acentuado debido a súa proximidade co centro educativo CEIP Menéndez y Pelayo ao que acoden diariamente centos de escolares, e en moitas ocasións, tamén persoas de idade avanzada.



Ademais, nesta zona conflúen as rúas supón un punto de paso case obrigado para a circulación en vehículos da zona, polo que a perigosidade diaria é moi elevada. Por estes motivos, a Asociación solicita o repintado e o arranxo destes pasos de peóns.

## Unha plataforma dixital esixe a apertura do Auditorio de Magoi

A cidade de Lugo conta desde o 15 de xuño de 2016 cun auditorio novo no que se investiron 25 millóns de euros. Na actualidade, a titularidade pertence ao Concello de Lugo.

Membros do grupo popular visitaron as inmediacións do Auditorio de Magoi xa que se sentían preocupación pola situación na que está a edificación “que xa parece vello antes de estrearlo”.

Durante a visita puideron comprobar algunha das deficiencias que ten o edificio. Entre outros destacan “as consecuencias da humidade e da condensación por falta de ventilación que provocou desconchados en paredes e teitos; hai zonas con charcos sendo chamativo o que hai no escenario do auditorio grande onde tamén dilatou o solo e hai fendas”. Tamén é sangrante que “os ascensores nunca funcionaran, e que os extintores non teñan data de caducidade polo tanto están sen timbrar...”. Os populares tamén detectaron presenza de pequenos animais que se colan no interior do edificio (corvos, topos ou pequenos roedores) que tamén poden causar danos propios de calquera edificio pechado, sen mantemento e sen unha mínima climatización



O auditorio de Magoi

Os populares urxen á Lara Méndez para que tome unha decisión urxente xa que “a medida que pasa o tempo se agrava a situación deste inmoble pechado a cal e canto”. Os populares manifestaron que “á vista de que aínda non se sabe cando se farán as obras para abrir o Auditorio de Magoi” anuncia que “volveremos a organizar accións na rúa para visibilizar que Lugo quere que abra esta nova dotación”.

Trala visita, os populares puxeron en marcha unha campaña de recollida de firmas para presionar á alcaldesa de Lugo a que abra o Auditorio de Magoi antes de que se deteriore a instalación por falta de uso.

Os populares sairán á rúa para pedir o apoio aos veciños e veciñas de Lugo co ánimo de que se abra canto antes este edificio no que se investiron 25 M€. Para facilitar a recollida de firmas montarase unha carpa que itinerará por todos os barrios da cidade. Ademais da recollida física dos apoios tamén se dará a posibilidade aos veciños e veciñas de Lugo a sumarse a esta reivindicación a través da plataforma change.org.

A firma desta petición ten como obxectivo que se poña en marcha esta infraestrutura, situada no barrio de Magoi, para dar oportunidades ao talento as diferentes agrupacións culturais, musicais e teatrais.

## Renovan o parque da Avenida das Américas



O Concello optou por acometer a reforma da área de xogos situada entre a Avenida das Américas e a rúa Traperero Pardo, logo de realizar en setembro un arranxo provisional do recinto solicitado polos residentes na zona.

As tarefas que se executaron neste enclave consistiron na reparación, lixado e pintado dos elementos de xogo existentes e na reposición do valado perimetral de madeira, así como na colocación dun cartel in-

formativo coas normas de uso do parque que foi entregado coa súa correspondente certificación, tarefas que ascenden a 11.988 euros. Este investimento municipal completárase coa colocación dun pavimento de caucho en todo o perímetro e coa instalación dun novo xogo para as nenas e nenos máis pequenos, incrementando o número de papeleiras e habilitando unha cancha de baloncesto ao carón do recinto”.

## Ciudadanos pide solucións para a problemática para atopar aparcamento

O concelleiro de Cs Juan Vidal-Pardo instou ao Goberno local a paliar os problemas de aparcamento en zonas estratéxicas da cidade, como a zona centro e a contorna dos servizos públicos. De feito estímase que o 30% dos vehículos que circulan pola nosa urbe están a buscar aparcamento, labor á que se pode chegar a dedicar ata 15 minutos en hora punta. Este tempo repercute no tempo de traballo, implica un incremento das emisións contaminantes, o que está a xerar unha menor calidade ambiental palpable xa na zona urbana, e un maior consumo dos vehículos.

Por iso, o edil da formación laranxa defendeu no pleno unha iniciativa que ten por obxectivo poñer en marcha un sistema de aparcamento rotatorio gratuito e por outro, proceder á posta en marcha do sistema intelixente para a xestión e control de aparcamento de vehículos na vía pública.

# “A xente utiliza cada vez máis o traballo telemático”

Óscar Valiño é o xerente de Valirey, empresa distribuidora de MásMóvil

Valirey é unha empresa distribuidora da compañía MásMóvil. Falamos con Óscar Valiño Pin, xerente.

## Canto tempo levan funcionando?

Levamos funcionando arredor de dous anos na nosa tenda ubicada na Ronda das Fontiñas de Lugo, no número 215.

## Como xurdiu a idea?

A idea xurdiu ao ver que o tema da telefonía está en auge e a compañía MásMóvil en si é a de maior crecemento dentro do seu mercado polo que decidimos lanzarnos neste proxecto.

## Que tipo de servizos prestan?

Prestamos servizos de venda de telefonía fixa, internet e telefonía móbil. Aínda que agora tamén temos enerxía e ofrecemos opcións para o

cliente teña un aforro na súa factura mensual da luz.

## Cales son os servizos máis demandados?

O máis demandado é o paquete que inclúe telefonía fixa con internet e unha ou varias liñas móbiles aínda que tamén contamos con outras tarifas adaptadas a cada necesidade que teña o cliente e incluso temos un paquete de televisión coas mellores, series, películas e documentais para toda a familia.

## Cambiou o traballo nestes últimos tempos por mor da pandemia?

Cambiou por mor das visitas. E mellorou en canto a que a xente agora usa máis o traballo telemático, co que se demandan máis velocidade e máis xigas. As necesidades cambiaron moitos e nós sempre intentamos

adaptarnos rapidamente a todas as situacións, porque non dubidamos que podan seguir cambiando.

## Que zona cobren?

A distribución principal da nosa tenda, loxicamente, témola en Lugo, pero podemos vender en toda España.

## Cales son as últimas novidades do sector?

Redundando no antes dito, maior velocidade e que tódalas compañías tenden a xigas ilimitados.

## Que proxectos ten de cara ao futuro? Que obxectivos se marca?

O obxectivo e proxectos máis inmediatos é seguir medrando. Neste mundo vanse producir cambios e canto máis arriba estemos, moito mellor.



Óscar Valiño, de Valirey

## Unha empresa valenciana reabrirá no verán o centro comercial de Abella

O grupo valenciano de alimentación adquiriu o centro comercial de Abella, unha superficie comercial de 40.000 metros cadrados no centro urbano da cidade de Lugo que permanecía sen actividade desde 2017, tras dous anos aberto, coa intención de montar un hipermercado de 6.000 metros cadrados e levar a cabo a reapertura completa desas instalacións ao longo de 2022.

Esta compra enmárcase na estratexia do grupo de adquirir e relanzar centros comerciais en situacións complexas, como fixo recentemente co centro comercial Costa Azar (Benicarló), que se atopa en plena fase de relanzamento, ou co centro comercial de Amposta (Tarragona). O centro comercial lucense foi vendido por Aliseda Inmobiliaria, compañía propiedade do fondo de investimento Blackstone (51% do capital) e o Banco Santander (49%).



O grupo Family Cash, dedicado á distribución de alimentación conta con 35 tendas, 3.500 empregados e unha facturación de 500 millóns de euros. Ten prevista a apertura dun hipermercado de 6.000 metros cadrados no centro comercial de Abella.

Será a primeira incursión do grupo

en Galicia e a previsión son abrir antes do verán e crear preto de 500 postos de traballo, cen no híper e o resto nas distintas tendas.

Estase traballando xa para ocupar os espazos das tendas e espérase abrir o antes posible a bolera e os cines, ademais de distintos locais de hostalaría.

## O Partido Popular amosa a súa preocupación polo custe real da zona de baño público do Miño

O Partido Popular advirte que “as 6 pozas de auga da billa que está construindo a alcaldesa de Lugo á beira do Miño vannos saír moi caras aos lucenses”. O vicevoceiro popular Antonio Ameijide explicou que “a estimación que fixemos para climatizar estas pozas apunta a que teremos que pagar unha factura anual de luz de 100.000 euros”. Esta cifra calculárona logo de consultar a expertos nesta materia e en base á potencia de 140.000 watos que, segundo o proxecto, será necesaria para quentar a auga destas pozas. Á vista deste dato, o vicevoceiro popular Antonio Ameijide, ademais de considerar un “despilfarro o millón de euros que se destina a estas bañeiras colectivas”, afirma que o seu mantemento futuro suporá un novo lastre para a economía local. “Aos 100.000 euros de luz hai que sumar outros 300.000 ou 400.000 euros para contratar ao persoal, a

limpeza, seguridade, mantemento da zona verde e seguros” matizando que “se se deciden por privatizar a súa xestión tamén haberá que asumir o sobrecoste do beneficio empresarial que obterá a empresa”. Os populares tamén cuestionaron o “espírito verde desta infraestrutura” xa que “nunha zona fría como é Lugo a climatización por aerotermia neste tipo de infraestruturas é máis que cuestionable” e apuntan que “será necesario tirar exclusivamente de electricidade o que suporá unha factura importante de mantemento a final de cada mes”. Ameijide razoaba que “maquillar de ecolóxico este proxecto ou vendelo como outro eslavón do Green Vancouver de Lugo supón unha nova tomadura de pelo aos veciños e veciñas lucenses”. Para o vicevoceiro popular “estamos diante doutra proba máis de que as pozas do Miño son un proxecto sen sentido”.

# AO NOSO CARÓN

portomarín

## Organizan unha proba deportiva no tramo do Camiño a Portomarín

A etapa entre Sarria e Portomarín converterase nunha proba deportiva o vindeiro 6 de marzo. Trátase dunha experiencia que achega o Camiño de Santiago aos atletas lucenses, que poderán desfrutar dunha contorna idílica.

Cada participante poderá elixir en que carreira participar xa que se presentan tres modalidades. Carreira individual de 11 km ou de 22 km ou carreira de relevos que se levará a cabo por parellas facendo os primeiros 11 km un e os 11 restantes o outro membro da parella.

Tódolos corredores que o soliciten disporán dun autobús que sairá dende Portomarín ata Sarria. Ademais, os participantes que elixan a carreira por parellas e fagan a primeira parte terán tamén transporte de volta a Portomarín.

Esta proba é ideal para aqueles que lles gusta o trail. O percorrido mestura asfalto e trail polo que os deportistas deberán atravesar ríos, camiños, sendeiros, vilas, etc.

Xa está aberta a inscrición. O prezo para a carreira individual de 22 km terá un prezo de 16 euros para os primeiros 100 participantes, a partir do 101 o prezo será de 20 euros. A carreira individual de 11 km custará 10 euros aos 100 primeiros e 12 a partir do 101. O prezo da carreira por



parellas de 22 km será de 26 euros aos primeiros 50 inscritos e de 30 do 51 en diante.

Os dorsais poderán recollerse o sábado día 5 de marzo na praza do concello de Sarria dende as 17.30 horas ata ás 20.30 horas e, o domingo 6 de marzo dende as 7.00 ata as 9.00. Para recollelo haberá que amosar o DNI. Para recoller o dorsal doutro corredor haberá que levar unha fotocopia do seu DNI.

A carreira contará tamén cun servizo de transporte de mochilas e haberá duchas a disposición dos participantes en Portomarín. Antes da saída dos deportistas, estes recibirán as instrucións da proba nun breafing que terá lugar ás 9.15 horas en Sarria para a carreira de 22 km e en Mirallos as 10.15 horas para a de 11 km.

## O PSOE solicita arranxos nas vías municipais e no patio do colexio

A voceira do PSdeG, Silvia Rodríguez, demandou o arranxo de varias vías municipais con cargo ao Plan Único da Deputación 2022, “que este ano investirá no noso concello un montante económico de 263.989 euros”, remarcou.

Rodríguez demanda concretamente a rexeneración e melloras dos camiños municipais na parroquia de Soengas (a vía desde Soengas a Acevedo, en Soengas pobo, de Soengas a Valdaforca, de Soengas de Arriba ata límite do Concello en dirección a Xián, de Soengas a Castro de San Martín e pista de Porto de Lugo). Tamén na parroquia de Narón, o vial que transcorre desde Narón ata ao límite do Concello en dirección á cárcere de Monterroso. Igualmente, demanda arranxos na vía principal da parroquia de Castromaior, que coincide cun tramo importante do Camiño de Santiago, na parroquia de Gonzar (ata o cruce de Acevedo), sobre todo na súa parte inicial, (onde tamén coincide cun tramo do Camiño de Santiago, así como a pista que comunica as parroquias de Gonzar e Vilaxuste. E por último na parroquia de Vilaxuste, as pistas do Mazo, da antiga escola e a de Vilar a Domez.

A voceira Socialista lembrou que con cargo ao Plan Único da Deputación 2021 o Concello de Portomarín realizou melloras na pavimentación e nos accesos a Rebordondo, Vilarbasín,



Soengas, Casás, Vilaproi e Vedro, así como a reparación da Rúa de Lugo. Silvia Rodríguez remarca “parécenos prioritario que se atendan as demandas da veciñanza e que se arranxen os viais municipais, en vez de utilizar os nosos recursos públicos en obras faraónicas, como por exemplo no parque Agustín do Río. As parroquias de Portomarín están completamente abandonadas, por iso é necesario investir os recursos económicos cos que conta o Concello, sen malgastalos en obras e proxectos sen sentido nin rumbo”, dixo a voceira.

**COLEXIO.** A voceira demandou tamén que o Concello habilite os medios necesarios para evitar caídas por acumulación de xeo na entrada do patio do CEIP Virxe da Luz. Ademais solicita que se revisen aqueles outros lugares do Concello nos que

pode acumularse xeo, co fin de que se adopten as medidas necesarias para evitar caídas.

A portavoz explica que presentou esta petición tras escoitar as demandas dos pais e nais, e lamenta a pouca empatía do alcalde cara a comunidade educativa. Xa que denuncia que “nestes últimos días estanse producindo intensas xeadas que provocan que en determinados lugares haxa unha acumulación de xeo importante, que pode causar problemas para os viandantes. Un deses lugares é a entrada do CEIP Virxe da Luz, que durante días está rexistrando caídas dos nenos e nenas que acoden a este centro escolar. Durante a semana pasada xa se rexistrou algunha caída e esta semana tamén. Os profesores teñen que ir a recoller aos nenos/as a entrada do patio porque teñen moita dificultade para manterse en pé”, explicou.

## Constrúen un novo aparcadoiro e un punto de lavado de bicis

O Concello segue a mellorar a súa accesibilidade. Nesta ocasión construíu un aparcadoiro ao aire libre con prazas para turismos e tres prazas para autocares. A súa boa localización, á entrada da vila, facilita o acceso a Portomarín e a que os turistas poidan coñecer o casco histórico dunha maneira máis cómoda e sinxela sin ter que preocuparse por atopar aparcadoiro.

Este novo pàrking súmase ao novo proxecto que se levará a cabo no Campo da Feira, cun aparcadoiro subterráneo que contará cun centenar de prazas e dúas plantas.

A habilitación deste espazo supuxo unha inversión de 29.997 euros. Con este tipo de actuacións búscase pechar o tráfico nalgúns zonas do casco histórico para poñelo en valor e axudar a súa



O novo aparcadoiro de Portomarín

conservación.

Ademais, outra iniciativa por parte do Concello é o lavado de bicis, un punto no que os peregrinos e demais usuarios de bicicletas poderán limpar o seu medio de transporte. Este servizo atópase na anti-

ga área de autocaravanas e contará tamén con ferramentas para facilitar o arranxo e posta a punto da bici. Tamén conta cun sistema de inchado de rodas para favorecer un bo mantemento e evitar así posibles accidentes no camiño.

CURSO  
REGISTROS AKASHICOS  
SANACIÓN CHAMÁNICA  
Y DECRETOS



IKIGAI  
Centro Holístico  
19 Y 20 DE FEBRERO  
INFO Y RESERVAS:  
696 629 696

IMPARTE ROCÍO FERERO DOMÍNGUEZ

## Comezan as obras das beirarrúas de Castro e continúan as da EDAR

Comezou a execución da última fase das obras de remodelación das beirarrúas de Castro de Rei, que foron adxudicadas no mes de outubro e se espera que estén rematadas no prazo de dous meses.

A empresa concesionaria está a traballar no tramo que comprende a rúa Emilio Sinde Nieto, entre o intersección da CP-1611 coa rúa Manuel Becerra ata o campo da feira, un tramo curto pero que estaba en moi mal estado.

Segundo explica o alcalde, Francisco Baamonde, quedaría agora por rematar un tramo de beirarrúas de subida ao casco histórico da vila, “pero é unha obra algo menor porque non están tan deterioradas”.

Estas obras teñen un orzamento de 45.756 euros e serán realizadas con cargo ao Plan Único do ano pasado.

**LUDRIO.** Por outra banda, finalizaron as obras de mellora dos accesos á parroquia de Ludrio, concretamente no tramo entre a N-640 ata o límite co Concello de Pol. Esta obra contou cunha subvención da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e un orzamento de 46.954 euros.

Os traballos consisten na limpeza e apertura de cunetas, regularización da superficie da vía con asfaltado en quente e sinalización. Esta obra



permite mellorar o acceso á igrexa parroquial e ao centro do núcleo.

**DEPURADORA.** O Concello de Castro de Rei tamén está levando a cabo as obras de ampliación e mellora da eficiencia enerxética da Edar de Castro Ribeiras de Lea, adxudicadas á empresa Demain SL por preto dun millón de euros (989.930 euros).

Esta obra conta tamén con outros orzamentos engadidos, como os 20.000 euros de gastos de redacción do proxecto e 31.000 de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, o que supón un total de 1.040.000 euros que destina o Concello a esta actuación.

As obras están financiadas cunha subvención do IDAE de axudas a

proxectos singulares das entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono. Esa axuda significará o 80% do custe total do proxecto, que supón para o Concello uns 240.000 euros.

A finalidade consiste en reducir os verquidos, mellorando a calidade da deputación das augas residuais, duplicar a capacidade da depuradora, pasando de 350 metros cúbicos ao día a 700, e mellorar a eficiencia enerxética, transformando o reactor biolóxico existente nunha canle de decantación primaria e instalar dúas novas liñas de tratamento biolóxico, unha por cada 1.500 habitantes, así como un decantador troncocónico, o que permitirá duplicar a capacidade da planta.

## O Concello fai o 7 a recollida de residuos voluminosos

O Concello de Castro de Rei procederá o día 7 de febreiro, á recollida de enseres domésticos voluminosos porta por porta.

Os interesados no servizo deberán chamar previamente ó teléfono 982 314 034 para informar dos enseres a recoller indicando nome, dirección e teléfono de contacto.

A recollida realizarase a partir das 8.00 horas de forma domiciliaria, debendo estar depositados os enseres en lugares accesibles para a súa carga co camión pluma. Os camiões non entran nas fincas, polo que deben deixarse os enseres na pista de acceso ou preto do contedor correspondente.

Entre os residuos que se recollen admítense electrodomésticos, mobles, sofás, protas, cadeiras, caixas e listóns de madeira, persinas, xoguetes rotos, etc.

Por outra banda, non se recollerán escombros, sanitarios ou obxectos xerados por reformas de vivendas.

## A asociación Amigos da Feira renova a súa directiva

A asociación veciñal Amigos da Feira de Castro de Rei vén de celebrar a súa asemblea xeral, no teleclub de Castro de Rei, na que se produciu a renovación da directiva da asociación, quedando presidida agora por Héctor Anllo Yebra. Xunto a el estará como vicepresidente José Antonio Freire Castro; como secretario, Adrián Naval Novo; como vicesecretaria, Ana Freire Gallego e como tesoureira estará María del Carmen Uz Pérez. Tamén actuarán como vogais Gemma María Freire Rielo, Vera Rivas López e María Luísa Tejeda Veiga.

O novo equipo directivo quere agradecerlle “o seu traballo ás compañeiras e compañeiros que estiveron á fronte de Amigos da Feira desde o 2014 e tamén a confianza depositada polas socias e socios presentes na última asemblea xeral”.

A nova directiva comunicou a súa intención de comezar con novas



actuacións “moi pendentes da situación sanitaria actual”.

A asociación ten unha gran actividade durante todo o ano pero a Festa da Malla é a celebración máis esperada do ano, e ten lugar no mes de agosto. Leva dous anos sen celebrarse debido á pandemia deixando a convocatoria parada na edición XIX.

## Abre ao uso o campo de fútbol de herba artificial



Rapaces do CD Castro, adestrando no novo campo

O CD Castro fixo a estrea oficial das instalacións do anexo ao Municipal Arturo Pereiro, tras varias anos de obras.

Os partidos do equipo sénior e dos distintos conxuntos de base serviu para presentar estas novas instalacións, que tamén serían visitadas polas autoridades autonómicas.

O novo campo de fútbol de herba artificial de Castro executouse en dúas fases, que se prolongaron durnate os últimos dez anos e recibiron o financiamento de diferentes institucións. A última actuación foi precisamente a cobertura das instalacións coa manta de cé-

pede artificial, adxudicadas no mes de outubro do ano pasado por un valor de 131.164,00.

As obras empezaron no ano 2012 a través dun taller de emprego no que os alumnos executaron o valado.

Uns anos despois, en 2016, os veciños de Duarria cederon o material de recheo para a primeira fase das obras —móvenronse 400 camiões de jabre— e a Xunta destinou 50.000 euros para o enchido e a drenaxe do terreo.

No ano 2019 fíxose tamén a instalación das torretas de iluminación, antes de dar comezo á terceira e última fase.



## Camiñada polo centro de saúde

O BNG celebrou unha camiñada e unha concentración diante do centro médico en Castro de Rei pola recuperación dos servizos sanitarios deste concello. A situación do servizo sanitario pasa pola falta de facultativos no centro de saúde en Castro Ribeiras de Lea, como tamén, o peche do centro médico en Castro de Rei, denuncian dende o partido. Nesta camiñada participou a concelleira do BNG en Castro de Rei, Digna Lagarón, como a deputada por Lugo e viceportavoz do BNG no Parlamen-

to galego, Olalla Rodil. Entre outros cargos orgánicos e institucionais da organización xunto coa veciñanza. Neste sentido, a concelleira nacionalista destacou que a situación segue sendo a mesma dende hai máis dun ano “os anuncios de mellora da Consellería de Sanidade tras as mobilizacións do BNG, non se están vendo. Continuamos co centro médico de Castro de Rei pechado e o centro de saúde de Castro Ribeiras de Lea sen suficiente persoal sanitario para poder atender á veciñanza”.

guntín

## Dá comezo a redacción do plan básico municipal do Concello

Comeza a redacción da segunda fase do plan básico municipal de Guntín. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda acaba de adxudicar os contratos do acordo marco para o servizo de redacción deste instrumento de ordenación, pensado para os concellos de menos de 5.000 habitantes.

O importe global dos contratos supera os 220.000 euros sendo para o Concello de Guntín un total de 83.281 euros.

Cómpre lembrar que a financiación dun plan básico municipal é unha das vías da Xunta de Galicia para apoiar ás administracións locais na meta de contar cunha ferramenta que lles garanta unha ordenación responsable e sustentable do seu termo municipal e que está recollida na Lei do solo.

A adxudicación deste contrato é a continuación dos traballos necesarios para obter a cartografía das 36.890 hectáreas que suman estes tres concellos, que xunto co resto da segunda fase se



Concello de Guntín

unirán á listaxe xa formada por outros nove: Ribeira de Piquín, Riotorto, Trabada, Triacastela, Cartelle, Padrenda, Porqueira e San Xoán de Río; que tomaron como modelo e exemplo o plan básico do Páramo, redactado e impulsado pola Xunta. Estes concellos da primeira fase continúan avanzando na súa tramitación, tras acadar xa a aprobación inicial dos seus respectivos PBM. A Xunta defende que o urbanismo é unha tarefa que precisa do traballo de todos, por iso seguirá

ao carón das administracións locais concedendo 3,2 millóns de euros en 2022 en axudas para a redacción dun PXOM ou para a elaboración dun plan básico, tal e como fai cos 18 concellos que apostan polo mesmo, así como prestando o apoio e asesoramento técnico que necesiten.

O obxectivo do Goberno autonómico é acadar que todos os concellos galegos contén un planeamento que protexa e poña en valor a paisaxe, o territorio e o urbanismo.

## Invisten 150.000 euros para a mellora das pistas municipais

Os núcleos de Mosteiro, Lousada e Ferroi están a ser arranxadas con aglomerado en quente. Estas estradas estaban en mal estado e supoñían un risco para a circulación. Esta actuación supón un investimento de máis de 100.000 euros foron adxudicadas a empresa Ovisa.

Estas melloras enmárcanse no plan de acondicionamento de vías municipais que ten en activo diferentes proxectos. Paralelamente, estase a mellorar tamén tras estradas de Pradedá. Para o arranxo destas estradas en O Pozo, A Laxe e Alemparte, cóntase con subvencións que superan os 48.000 euros.

As choivas, o mal tempo e a circulación desgasta o pavimento e o estado das estradas polo que este tipo de actuacións son necesarias cada pouco tempo co fin de manter unha circulación segura e cómoda para os veciños e demais cidadáns que utilizan estes viais no seu día a día. O aglomerado en quente asegura que a mellora será de calidade e máis duradeira. Este tipo de mesturas eran as que se empregaban de maneira tradicional en aeroportos debido ás súas mellores prestacións.

## A Deputación inviste 370.000 euros na estrada que vai a Lugo



A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou novas actuacións na rede viaria provincial para mellorar 70 quilómetros de catro estradas que discorren por 9 concellos da provincia cun investimento total que ascende a máis de 850.000€. Así o informou a voceira socialista, Pilar García Porto.

A institución provincial actuará na estrada LU-P-2901, que comunica Lugo con Guntín. Estas obras saen a licitación por 370.000€ e o prazo de execución é de nove meses.

“Renovaremos o firme nun novo tramo de preto de 8 quilómetros, entre os puntos quilométricos 5,5

e 13,1, ao seu paso polo concello lucense”, explicou a deputada.

“Estas actuacións dan continuidade a outros dous proxectos de mellora que vimos de realizar. Por unha banda, destinamos 175.000€ para actuar entre os quilómetros 21,3 e 25. E pola outra banda, mellorouse o treito do quilómetro 3,340 ao 5,400 no concello de Lugo por importe de 85.000€”, lembrou García Porto, quen apuntou que con este novo investimento que se aprobou na Xunta de Goberno a Deputación de Lugo destinou nos últimos anos máis de 630.000€ nesta estrada.

## O Goberno local tramita a compra duns terreos para un proxecto social

O Concello de Friol ten contemplado nos orzamentos deste ano 2022 unha partida duns 100.000 euros para materializar a compra destes terreos, unha parcela que parte da superficie está contemplada como solo urbano e unha porcentaxe está considerado o uso rústico.

O alcalde José A. Santos xunto co Equipo de Goberno levan un tempo xestionado a compra cos titulares da mesma, neste momento a compra e unha realidade, a espera de tramitar toda a documentación necesaria para transferir a nome do Concello de Friol os ditos terreos.


A vez, tamén se está xestionando coa Consellería de Política Social a implantación nesa mesma parcela dun proxecto de tipo formativo e social, a estas alturas ambas administracións están elaborando conxuntamente un proxecto de execución agardando que en breve

este rematado con un importe definitivo de inversión.

Desde ambas administración móstranse esperanzadoras en que sexa unha realidade e comece a súa execución durante este ano, será un proxecto innovador e funcional para cubrir as necesidades de parte da demanda existente no sentido da formación, e da dependencia, así como tamén se contempla que sexa un proxecto residencial.

Santos móstrase “satisfeito tal e como van as xestións entre ambas administracións, pero tamén cauto, dado que estamos tratando de encaixar o importe ao que ascende a execución deste proxecto e son consciente da dificultade actual para articular unha inversión deste tipo por parte da Xunta”.

O alcalde espera que en breve poidan presentar o proxecto final con todas as características.



Unha das pezas atopada por Patrimonio dos Ancares

## Patrimonio dos Ancares atopa dous xacementos

Integrantes do Colectivo Patrimonio dos Ancares fixeron pública a documentación de dous novos xacementos arqueolóxicos que estaban sen catalogar no concello de Friol, ambos situados preto da aldea do Carballal, na parroquia de Vilalvite.

Un deses achados é unha mámoa situada a 480 metros de altitude, con medidas de 18 metros de diámetro e 1,2 de altura. No centro do túmulo vese un cráter de violación aberto para buscar inexistentes tesouros. A súa antigüidade foi datada en 6.000 anos, pertencente ao período Neolítico.

A 200 metros da anterior atoparon un castro da Idade do Ferro que aín-

da conserva o topónimo de A Castrola. Erixido a 476 metros de altitude, presenta forma ovalada, cunhas medidas de 90 por 75 metros. Conserva parte do sistema defensivo en todo o seu perímetro.

Este colectivo púxose en contacto tanto co Concello de Friol como coa Área de Medio Rural da Deputación Provincial de Lugo para facerlles coñecedores destes restos arqueolóxicos debido ao anuncio conxunto de que se ía acondicionar unha área recreativa situada entre a mámoa e o castro. Considera o colectivo, que estes achados “serían un valor engadido para a zona” e solicitan que os sinalicen.

## Adxudicado un módulo do viveiro de empresas municipal

O Concello acordou a adxudicación dun novo módulo do seu viveiro de empresas. Esta adxudicación foi para a empresa Talleres Agruñá – Chapa e Pintura, a cargo de Eduardo Agruñá López. Dará servizo de taller, especializado en chapa e pintura de todo tipo de vehículos. Este veciño emprendedor de Friol, ten unha ampla experiencia como empregado en outros talleres nos que traballou ata o de agora do mesmo sector.

Agora decidiu dar o paso de montar o seu propio negocio escollendo Friol como localización. Para iso conta con gran apoio do Concello de Friol e do seu alcalde, Jose Á. Santos, o que sinala que “sempre estaremos ao carón das persoas que queiran emprender e traballar no noso pobo, e intentaremos axudalas en todo o que estea nas nosas mans” e tamén resalta que “é moi importante que novas empresas opten por Friol para emprender a súa andadura, e se podemos facilitarles unha nave do noso viveiro de empresas, pois mellor”.

O novo empresario Eduardo Agruñá móstrase ilusionado nesta nova etapa da súa vida laboral, “e un paso que sempre quixen dar, montar a miña propia empresa era algo que non me deixaba durmir, unha vez que nos últimos anos vía que aquí



no polígono se estaban montando empresas novas, informeime no Concello a través do alcalde de que posibilidades dispoñía para instalarme en Friol, cando saín da primeira reunión xa estaba convencido e tiña moi claro que asentaría a empresa no polígono”.

Segundo Eduardo, “desde o Concello asesoráronme, e levaron este proxecto da man ata que nos instalamos, sempre sentindo o apoio do alcalde en todo momento, ao cal sempre lle estarei moi agradecido por darme a oportunidade de cumprir o meu soño”.

A nave do viveiro adxudicada en este caso é a número dous, que estaba baleira en estes momentos, dado que a empresa que dispoñía das mesmas instalacións rematou o contrato de aluguer, os outros dous mó-

dulos dos que dispón este Concello están sendo empregadas por outras empresas, e a cuarta que está baleira, será a que albergue a sede do GES (Grupo de Emerxencias Supra-municipal) que ten nova sede en Friol.

O equipo de Goberno capitaneado por Jose Á. Santos insiste en seguir potenciando o Polígono Industrial e en particular o seu Viveiro de Empresas xa que “o impulso de captar tecido empresarial mediante o noso viveiro está rompendo as previsións iniciais, dado que se converteu na plataforma idónea para o nacemento de novas empresas, isto supón que empresas de nova creación se decanten por asentarse no noso Concello, con todos os beneficios que isto supón, pola riqueza e postos de traballo que pode xerar para a nosa veciñanza” engade o alcalde.

## José Á. Santos, elixido presidente do PP de Friol coa totalidade dos votos

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, foi elixido presidente do Partido Popular deste municipio co 100% dos votos.

A presidenta provincial, Elena Candia, que presidiu o cónclave, no que tamén participaron outros cargos orgánicos como os Secretarios Xeral e de Organización, Javier Nodal e Javier Vázquez Prado, respectivamente; o Coordinador Xeral, José Manuel Balseiro; o voceiro do Grupo Provincial, Javier Castiñeira, ou alcaldes de concellos limítrofes; felicitou ao novo dirixente do PP friolense, destacando “a gran valía, experiencia e proxección” do mesmo. “Os números son os que dan e quitan razóns, e Jose, como así o coñecemos dentro do Partido, é un alcalde referente non só na provincia, senón tamén en toda Galicia”. Proba diso, é que nas pasadas eleccións municipais o apoio que recibiu nas urnas foi do 82,27%, sumando 3.395 votos, converténdose así no mellor resultado de Lugo e nun dos mellores de Galicia tanto en participación -un 87%- como en apoio á formación popular.

Elena Candia manifestou publicamente “o seu orgullo” de contar

con compañeiros como o rexedor de Friol. “A súa forma de facer as cousas e de sumar ao Partido é o que queremos e defendemos dende a dirección provincial. Sen dúbida, Jose é un espello no que mirarse para os que tivemos ou teñen responsabilidades de goberno ou incluso políticas”, manifestou. A este respecto, a líder popular agradeceu “o extraordinario traballo” do PP neste municipio, “tanto aos que están, como aos que xa non están”. “Todos contribuístedes a esta fortaleza da que goza hoxe o noso Partido”.

Pola súa banda, José Á. Santos manifestou que asume o cargo “con ilusión e cunha enorme responsabilidade”, e pon valor ao equipo que o acompaña, así como aos predecesores no cargo. “A nosa finalidade é seguir facendo unha política de continuidade, humilde e de proximidade. Trataremos de seguir chegando a puntos de encontro e xestionar da mellor maneira posible os recursos cos que contamos dende o goberno do Concello”. En definitiva, engadiu: “o noso único obxectivo é conseguir en todo momento o mellor para Friol”.

## O Concello atendeu a 250 maiores con recursos e prestacións

Dende os Servizos Sociais do Concello de Friol foron atendidas algo máis de mil persoas, realizando unhas 250 solicitudes para acceder a distintos recursos e prestacións. Cabe destacar unhas 60 solicitudes de valoración de dependencia e 18 solicitudes de valoración de discapacidade realizadas por este servizo.

Durante o ano 2021 foron atendidas un total de 150 familias a través do “Servizo de Axuda no Fogar”, con 33.898 horas recibidas nos domicilios das persoas usuarias. Estes datos reflexan que foron prestadas 3.000 horas máis que no ano 2020 e case 4.000 horas máis que no 2019.

Foron 110 as persoas usuarias recoñecidas con distinto grao de dependencia. Destacar que máis de unha terceira parte das persoas beneficiarias superaban os noventa anos de idade e 24 das atendi-

das eran persoas que vivían soas no seu domicilio.

Este servizo é prestado polo Concello de Friol a través de unha empresa externa, con case 40 auxiliares de axuda no fogar, todas elas mulleres, sendo este equipo o encargado de executar este programa, tanto na modalidade de Dependencia como de Libre Concorrenza.

O alcalde, José Á. Santos quere ter unhas palabras de agradecemento a esas 40 profesionais, “sendo consciente de que ser auxiliar na atención ás persoas maiores vai máis aló da formación e da experiencia, o factor clave destas grandes profesionais é a súa vocación de axuda aos demais e a súa capacidade de adaptación para darlle a cada paciente no seu fogar o que precisa en cada momento, polo tanto, dende O Concello de Friol queremos agradecer a todas as

auxiliares e coidadoras, que durante estes dous anos especialmente puxeron todo o seu esforzo para afrontar esta grave crise sanitaria. Isto non sería posible sen todas elas”.

Segundo o alcalde indica que “o Concello está e estará ao lado dos nosos maiores, neste caso, cos que teñen algún grao de dependencia do municipio, de aí o gran esforzo que supón para o Concello que cada ano se consiga incrementar as horas de atención de dito servizo, un servizo prioritario para o Equipo de Goberno coa única finalidade de que os nosos maiores teñan unha calidade de vida digna, como merecen todos eles”.

É un servizo de gran importancia para a poboación de Friol, pois trátase de dar asistencia a unha cantidade moi importante de persoas maiores, dispersas nas 32 parroquias que conforman o municipio.



Firma do convenio entre o Concello de Friol e Afalu

## Unidade de demencias

O Concello de Friol asinou un convenio con Afalu (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias). Este convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Friol, por un importe de 20.000 euros, para a financiación parcial de distintas actividades.

Realizarase un programa de prevención de demencias neurodegenerativas, envellecemento activo e prevención da soidade non desexada. As capacidades cognitivas que se

exercitarán son linguaxe, reminiscencia, cálculo e resolución de problemas, atención, orientación, praxias, gnosias-esquema corporal-Estímulos sensoriais-funcións executivas, laborterapia, traballos manuais, debuxo e pintura, costura, xardinería, xerontoximnasia e psicomotricidade e socialización. A duración de este programa será anual, durante todo o presente ano 2022, e levarase a cabo dous días á semana en horario de tarde, con unha duración de unha hora e media cada sesión.

## Remata o período de consultas do ERE da láctea Tegestacín

O comité de empresa de Tegestacín fixo público un novo comunicado no que indica que finalizou sen acordo o período de consultas do ERE proposto pola empresa láctea de Outeiro de Rei.

“Malia isto a empresa pretende forzar, con coaccións e sen garantías para o persoal, un acordo que lle lexitime o despedimento colectivo diante da Autoridade laboral”, indican dende o sindicato CIG.

Como sindicato maioritario “e ó obxecto de non perxudicar á maioría do persoal afectado”, trasladoulle á empresa nesta reunión a non disposición a facilitar un acordo que non supera as condicións mínimas legais e que carece de garantías. Ademais, indicou a súa determinación de ter por finalizado o período de

consultas ó superar os prazos mínimos legais. “Tendo dende este intre a empresa toda a responsabilidade para exercer os despedimentos e garantir os pagamentos correspondentes de salarios, liquidacións e indemnizacións”, din. A empresa con esta actuación aproxímase a garantir o impago de dúas mensualidades consecutivas, como subliñan os membros do comité.

Fracasou tamén a reunión prevista entre comité de empresa e Xunta coa empresa debido a que a dirección da planta de Outeiro de Rei pola incomparecencia da empresa.

O comité de empresa iniciou varias accións de protesta e de reunións unha vez coñecida a convocatoria do ERE tralo anuncio de peche, feito oficial antes de Nadal.

## En información pública, o proxecto de urbanización da Palloza

O Concello de Outeiro de Rei mantén en exposición pública o proxecto de urbanización, de alumeado e de reparcelación do sector da Palloza, que foi aprobado de forma inicial xusto antes do Nadal.

A urbanización desta zona quedara pendente de rematarse e tras varios anos sin realizar ningún tipo de traballo por parte do promotor, os veciños mostraron en varias ocasións a súa preocupación ao Concello polo estado no que se atopaban os viais e os servizos da Urbanización, xa que levaban varios anos sen alumeado público, sen auga da traída, sen pavimentacións, etc.

Así, as obras consisten no asfaltado e colocación de baldosa nas beirarrúas, o cambio de colectores residuais e pluviais, o entronque á rede de abastecemento de auga, o cambio da rede de telefonía e rematar a do gas.

Así mesmo, está previsto o acondicionamento dunha zona verde para



a creación dunha zona de xogos infantís. Neste lugar construíranse paseos, sembrado de céspede, plantación de árbores e construción dunha zona de xogos con 2 randeiras, un tobogán e un areeiro limitados por unha valla de madeira. O prazo de execución será de oito meses e o orzamento é de 1.068.535 euros.

Cunha contía diferente está previsto acometer dúas obras vinculadas ao alumeado, por unha banda a insta-

lación da rede de baixa tensión, cun orzamento de 152.982 euros e pola outra a instalación do alumeado público para esta urbanización, que teñen un presuposto engadido de 163.863 euros.

Todas estas accións completáranse co proxecto de reparcelación da urbanización, co que se repartirán os gastos das obras anteriores entre o Concello e os propietarios dos terreos, que se dividirán en 39 parcelas.

## Organizan o 10 un curso de primeiros auxilios

O servizo de prevención de condutas adictivas da agrupación de Concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade organiza un obradoiro de primeiros auxilios no Concello de Outeiro de Rei dirixido á poboación en xeral.

Este terá lugar no salón de actos da Casa da Cultura do Concello de Outeiro de Rei o día 10 de febreiro, de 16.30 a 20.30 horas.

Os obxectivos do curso céntranse en adquirir coñecementos básicos sobre o manexo de situacións que

requiran actuación de primeiros auxilios básicos e en aclarar dúbidas referentes os primeiros auxilios. A docencia estará ao cargo de Marta Fernández López, enfermeira asistencial da Base de Lugo do 061 Galicia.

As inscricións están abertas ata o 9 de febreiro de 2022 a través da web da escola galega de saúde (<https://escolasaude.sergas.es>), ou no mail: [prevenciondrogas@rabade.org](mailto:prevenciondrogas@rabade.org), remitindo nome e apelidos, enderezo, teléfono, DNI e mail.



**VIOLENCIA DE XÉNERO.** O Concello acolleu a mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, coordinada por Rosa Muñiz, responsable técnica do programa de dinamización e apoio ás mesas locais posto en marcha pola Secretaría Xeral de Igualdade.

## Emprenden seis obras para incentivar a mobilidade urbana

Seis novas actuacións serán levadas a cabo polo Concello de Outeiro de Rei para mellorar a mobilidade no núcleo urbano de Outeiro e nas urbanizacións de O Salete e Triaqua.

O Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) estimou favorablemente a solicitude de axuda do Concello de Outeiro de Rei para proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 e financiará con 535.798,90 euros, que supón o 80%.

O obxectivo vai dirixido á implantación de actuacións incluídas no plan de mobilidade urbana sostible do Concello para alcanzar unha mobilidade urbana sostible.

Unha desas actuacións consiste na construción dunha senda peonil e un carril bici que unirán o núcleo urbano coas urbanizacións de Guillar, onde se concentra unha boa parte da poboación deste concello. Estas obras están xa en licitación pública.

O obxectivo do Concello é iniciar as obras no prazo máis breve posible,



co obxectivo de que estean totalmente finalizadas e poidan ser xa utilizadas polos veciños ao final do verán. Este proxecto únese a outros que xa se executaron ou están a piques de iniciarse no municipio, como é o caso da conexión a través dunha senda peonil do centro urbano coas urbanizacións de O Salete e Triaqua.

O rexedor de Outeiro de Rei tamén destaca a construción dunha beirarrúa desde o centro urbano ata o grupo escolar e outra que unirá o colexio coa urbanización de Santa Isabel.

Outra das actuacións incluídas é a senda que discorrerá entre o parque empresarial ata Bonxe e que virá a completar a xa existente que une o polígono co centro urbano.

## Xa hai gañadores do certame de poesía

A Biblioteca Pública deu a coñecer a relación de gañadores do Certame de Poesía Infantil Nadal 2021. Así, houbo tres gañadores na categoría A, de ata 8 anos, que corresponderon a Dafne Peña Piñeiro (6 anos), Sofía López Gallego (7 anos) e Noa López Sarceda (8 anos). Ademais outorgáronse dous a Irene Sotillo Izquierdo (8 anos) e outro para Roque Vilela García (8 anos).

Na categoría B (para pequenos de 9 a 11 anos) o primeiro premio foi para Martín Vázquez Arnés (11 anos), seguido de Daniel Vidal Martínez (11 anos) e Iris Peña Piñeiro (11 anos). Ademais, o xurado concedeu un acesit a Carla Lence Liste (11 anos).

## Buscan un logopeda de atención temperá

Coesco selecciona un/unha logopeda para o servizo de atención temperá de Outeiro de Rei, que atende a nenos e nenas de entre 0 e 6 anos con trastornos no desenvolvemento. As responsabilidades consisten en dar resposta ás necesidades transitorias ou permanentes que presenten nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento, facilitando a súa autonomía persoal e a inclusión social. Os interesados poden enviar curriculum a [empresas@coescoformacion.com](mailto:empresas@coescoformacion.com).



## castroverde

## A Espalladoira organiza varias actividades culturais e deportivas

A Asociación cultural Espalladoira celebrou a súa asemblea anual na que se organizan as actividades que realizarán durante o ano 2022. Como novidade, neste ano terán lugar actividades e probas deportivas entre as que destaca a Carballo Extrem os días 2 e 3 de abril.

A Carballo Extrem será unha carreira de resistencia na finca da antiga granxa cunícola que foi reconvertida como centro social onde se reúne a asociación. Os deportistas disputarán 14 etapas de 12 quilómetros cada unha, en cada volta terán que ir despoñándose de prendas ata que na última volta vaian descalzos.

Outra cita que os veciños deberán apuntar no seu calendario terá lugar os días 14 e 15 de maio en colaboración coas demais asociacións da vila. Nestas datas, Castroverde acollerá os Encontros na Terra un ciclo de conferencias na que os po-



A torre de Castroverde

ñentes exporán a súa experiencia como traballadores do rural e as súas actividades emprendedoras. O ano 2023 márcase como obxectivo a celebración dunha festa de recreación histórica sobre a torre de Castroverde, como preludio a dita festividade, a finais desta primavera, os colectivos locais porán en marcha unha ruta ata este monumento.

No verán, as actividades infantís cobrarán protagonismo, en especial un obradoiro de espantallos que con posterioridade se destruírán nunhas partidas de paintball. Ao longo deste ano recuperaranse as celebracións doutras datas especiais para o Concello como o San Xoán, o Día da Filloa, o Magosto popular, etc.

### Aberta a inscrición para os bailes de salón



As clases de baile chegan de novo este ano a Castroverde. Así, todos os venres de 21.00 a 22.30 horas no ximnasio do Colexio.

As persoas interesadas poden reservar a súa praza no teléfono 610 383 195.

Impartiranse clases de salón (vals, pasodobre, tango e chachachá), así como de baile latino e caribeños (salsa, bachata, kizomba e merengue) entre outros.

As clases estarán ao cargo de Fernando Pallares, adestrador e xuíz nacional de bailes caribeños dentro da Federación Española e procedente da Escola RitmoLugo.

**BENEFICIOS.** As clases de baile son unha gran modalidade para realizar exercicio físico sen darse conta, axuda a modelar o corpo sen advertir o esforzo, favorece o rendemento cardiovascular, tonifica os músculos, axuda a mellorar a coordinación e o equilibrio e ademais, mellora a autoestima.

## O BNG propón unha batería de actuacións para o Plan Único 2022

O Bloque Nacionalista Galego en Castroverde levou unha batería de propostas ao pleno municipal para engadir dentro do programa da Deputación de Lugo, Plan Único 2022.

Por conseguinte, o BNG propón a contratación dun técnico de turismo, a aplicación de medidas para paliar os efectos socioeconómicos da COVID-19 a través de axudas, tanto ás empresas locais de comercio e hostalaría como ás ganderías.

E tamén, a realización dun inventario de camiños municipais. O resultado do debate destas medidas impulsadas polo BNG foi o rexeitamento do goberno municipal.

A concelleira do BNG en Castroverde, Iria Castro, destacou que con esta decisión o goberno municipal está a paralizar e deixar atrás Castroverde "o goberno municipal está negándolle á veciñanza unha batería de medidas que son necesarias neste momento" Iria Castro explicou as consecuencias desta decisión adoptada polo goberno municipal "Castroverde perdeu a oportunidade de contar

cun técnico de turismo para destacar todas as nosas potencialidades paisaxísticas e patrimoniais xunto co Camiño Primitivo neste ano Xacobeo, garantindo un servizo turístico profesional e atractivo para moitas persoas visitantes" A concelleira nacionalista destacou que neste programa provincial podíanse aplicar partidas para axudar aquelas persoas que tiveran, ou teñen problemas económicos, relacionadas coa pandemia da covid-19 "perdemos a oportunidade de ofertar axudas aquelas persoas que se están vendo afectadas pola pandemia, como por exemplo, con bonos para pagar a luz do seu comercio ou da súa explotación gandeira" declarou Iria Castro. Iria Castro destacou que estas medidas non teñen un custe nas arcas municipais "as actuacións son plenamente a cargo da Deputación, a decisión é do goberno municipal de onde investir eses cartos, por isto, desde o BNG defendemos que as medidas que impulsamos teñen suficiente peso para pór a funcionar e acadar máis servizos e vantaxes á veciñanza".

## o corgo

## Adif fará reformas na estación de Laxosa



Adif aprobou a adxudicación das obras de tratamento de plataformas e cruces entre plataformas nas estacións de Rubián, Oural, Sarria e Laxosa, no tramo Monforte de Lemos-Lugo da liña convencional León-A Coruña.

O contrato foi adxudicado á UTE formada por Petrolam Infraestructuras e Arias Infraestructuras, por un importe de 3.604.833,06 euros (IVE incluído).

Os traballos forman parte dos proxectos de modernización do tramo Monforte de Lemos-Lugo e permitirán mellorar a seguridade de circulacións e usuarios. Á súa vez servirán para adaptar os elementos obxecto deste contrato ás novas condicións de explotación que traerá consigo a electrificación a 25 kV do tramo Monforte de Lemos-Lugo.

**ACTUACIÓNS PREVISTAS.** O proxecto define as actuacións necesarias en plataformas, pasos inferiores e outras estruturas das estacións de Rubián,

Oural, Sarria e Laxosa. O obxectivo é adecuar as estacións aos requirimentos técnicos e de interoperabilidade da normativa en vigor, en especial no relativo aos cruces de vías entre plataformas, mellorando as condicións de explotación da liña e potenciando a competitividade da rede ferroviaria galega.

A actuación na estación de Sarria inclúe, ademais, a execución dunha pasarela peonil sobre vías con dobre función: por unha banda, comunicación entre plataformas e, por outro, permeabilidade entre o núcleo urbano de Sarria e o barrio de O Mazadoiro, contribuíndo por tanto á cohesión social, o desenvolvemento sostible e a integración da estación na súa contorna urbana.

Estas accións contribúen á consecución de diferentes Obxectivos de Desenvolvemento Sostible: ODS 3 (Saúde e Benestar), ODS 9 (Industria, Innovación e Infraestrutura) e ODS 11 (Cidades e Comunidades Sostibles).

## Aira visita unha explotación de vacún para coñecer a situación

A deputada do BNG por Lugo no Parlamento galego Carme Aira visitou unha explotación gandeira de vacún en manexo extensivo na localidade do Corgo para comprobar de primeira man as problemáticas que están a padecer os produtores de carne.

A baixada de prezos coa excusa dos efectos socioeconómicos da COVID-19, o incremento de prezos dos insumos e a falta de ferramentas para a comercialización directa, como tamén, a pouca información que se lle ofrece ao consumidor sobre o tipo de carne que está a consumir, foron as inxerencias e eivas que se trataron neste encontro. Por isto, o BNG impulsará iniciativas no Parlamento galego para corrixir os déficits de control sobre os prezos, e de igual xeito, o fomento

de ferramentas para estimular o sector, como por exemplo, a comercialización a través de canles de venda directa ou de forma online.

Dentro destas iniciativas, a nacionalista Carme Aira sinalou a necesidade de activar un programa de axudas directas a este sector produtivo "estas axudas permitirían equilibrar os prezos, ou polo menos, asegurar mecanismos para pagar directamente aos criadores" ao que deputada nacionalista subliñou que con esta proposta "garántese a continuidade das granxas e fréase o despoboamento, xa que en moitas zonas o sector primario é o único do que se está a soster a actividade económica".

# DEPUTACIÓN

## Os dous candidatos do PSOE nas Primarias chegan a un acordo



Os candidatos ó proceso de primarias do PSdeG na provincia de Lugo, José Tomé Roca e Xosé María Arias Fernández, pecharon un acordo de candidatura única ó congreso previsto para o vindeiro 20 de febreiro. Tomé e Arias selaron o acordo este luns na sede socialista de Lugo ante a presenza do Secretario Xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, que avala un consenso que garante a unidade e fortalece o partido, e que responde á sensibilidade maioritaria dentro da militancia da provincia de que non houbera proceso de votación e se lograse a integración como a mellor fórmula para darlle un novo impulso ó socialismo lucense.

José Tomé Roca liderará o Partido Socialista na provincia asumindo a Secretaría Xeral. Pola súa banda, Xosé María Arias terá un posto de máxima relevancia orgánica como é

a Vicesecretaría Xeral.

O presidente da Deputación de Lugo e alcalde de Monforte e o rexedor de Castroverde, que contan cunha ampla traxectoria e experiencia tanto no plano institucional como orgánico, e que demostraron sempre un compromiso firme co partido, confluíron na importancia fundamental de contar cun partido unido e forte, tanto para ter un mellor posicionamento á hora de defender os intereses da provincia, como para poder consolidar e seguir mellorando os resultados nas eleccións municipais do ano 2023, mantendo as actuais alcaldías e acadando outras novas, e renovando o Goberno da Deputación. Así mesmo, coinciden en que un partido unido e forte na provincia axudará a conseguir un cambio de Goberno na Xunta de Galicia e tamén a manter o Goberno de España.



**CONCURSO RESERVAS DA BIOSFERA.** As instantáneas admitidas no VII Concurso de Fotografía das Reservas da Biosferas Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá organizado pola Deputación poden verse nunha exposición virtual na páxina web da institución provincial. Esta edición do certame tivo como fío condutor as redes de rutas de sendeirismo e itinerarios e o conxunto de vías e camiños tradicionais, co obxectivo dar a coñecer e poñer en valor a riqueza natural, cultural e paisaxística destas dúas Reservas da Biosfera, xestionadas pola Deputación.

## O Pleno urxe á Xunta a resolver o déficit de prazas de residencia

A Deputación de Lugo urxe á Xunta de Galicia a resolver o déficit de 14.331 prazas en residencias públicas da terceira idade que existe na comunidade galega. Unha decisión que foi acordada no Pleno ordinario de xaneiro ao aprobarse unha moción defendida polo PSdeG, que contou cos votos a favor de socialistas e nacionalistas, e en contra do PP.

A administración provincial insta a que se creen todas estas prazas baseándose no último estudo da asociación estatal de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais, que constata esta realidade, tomando como referencia a media de 5 prazas de residencia por cada 100 persoas maiores de 65 anos que recomenda a Organización Mundial da Saúde (OMS).

**COMPROMISO ÉTICO.** O Pleno da Deputación de Lugo aprobou na sesión ordinaria do mes de xaneiro unha declaración institucional de integridade e compromiso ético, dando así cumprimento a un requisito imprescindible para concorrer e executar fondos europeos de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Os grupos políticos con representación no organismo provincial

-PSdeG, BNG e PPdeG- votaron a favor, quedando aprobada por unanimidade.

Na declaración, a Deputación expresa o compromiso co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais e adhesión da institución provincial aos máis estritos principios de integridade, obxectividade e honestidade, cunha oposición á fraude e á corrupción en calquera das súas formas. Así mesmo, recalca que o obxectivo é impulsar e favorecer unha cultura que desalente toda actividade fraudulenta e que facilite a súa prevención e detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión dos supostos que poidan darse.

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, explicou que a pandemia da covid-19 deixou de manifesto que o modelo de atención das persoas maiores que ten en marcha a Xunta "é un fracaso". "Son grandes residencias masificadas, pensadas na procura do beneficio económico das empresas privadas e que non garante nin a digna atención dos maiores, nin as adecuadas condicións laborais dos traballadores".

Na súa intervención, Rivera Capón explicou que a iniciativa presentada ten como xermolo a defensa dos servizos públicos. Manifestou que é necesario "desenvolver unha rede de residencias públicas na comunidade". Así mesmo dixo que "a Xunta ten que asumir as súas obrigas e competencias en materia social financiando a Rede Pública de Centros de Atención a Maiores da Deputación de Lugo", e en terceiro termo matizou que é preciso que o Goberno galego "mellore o desenvolvemento do sistema de servizos sociais para garantir que os dereitos dos cidadáns se convertan nunha cobertura real das necesidades".

Rivera Capón expuxo con datos do Consello Consultivo de Contas que en Galicia o tempo medio para obter unha praza nunha residencia pública galega é de 453 días. O deputado de Promoción Económica e Social subliñou que, mentres que a Xunta, con máis de 11.000M€, non creou nin unha soa residencia pública nos 12 anos de Goberno de Feijóo, a Deputación de Lugo, con 100M€ de presuposto, ten en marcha 7 centros públicos de maiores, máis que a propia Administración autonómica.

## Adxudicado o subministro de sal para as estradas

A Deputación aprobou na Xunta de Goberno a adxudicación do contrato para o subministro de 1.600 toneladas de sal para a rede provincial de estradas por un importe próximo aos 160.000€ á empresa Ibérica de Sales S.A. O material fundente é para os 12 silos que a institución ten por toda a provincia co fin de afrontar as inclemencias meteorolóxicas propias do inverno, garantindo a circulación e a seguridade nas vías durante as tempadas deste 2022 ao 2024.

Así o anunciou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen lembrou que, ademais de atender as estradas provinciais, a Deputación tamén facilita sal no inverno aos concellos que así o solicitan cando lles resulta necesario.

Tamén sacou adiante a licitación dos dous últimos lotes do contrato de subministro de equipamento para o Centro de Atención a Maiores de Navia de Suarna, correspondentes aos artigos médicos e cortinaxe.

## Reforzan a promoción en Fitur presentando en Turespaña a campaña Lugo de Cine

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou a nova campaña de turismo da institución provincial, *Lugo, provincia de cine*, na Feira Internacional de Turismo (Fitur).

Foi o propio presidente o que acordou a participación da Deputación no expositor de Turespaña en Fitur durante a reunión que mantivo co Secretario de Estado de Turismo, Fernando Valdés Verelst, na que ademais faláron sobre iniciativas de interese para seguir impulsando o potencial turístico da provincia.

Coa campaña a institución busca fomentar as visitas turísticas vinculadas aos escenarios de producións audiovisuais rodadas na provincia, como *O que arde*, *Dhogs*, *Live is Life* ou *O sabor das margaridas*, entre moitas outras. O obxectivo é dobre. Por unha banda, seguir dinamizando a actividade turística no rural en

zonas cun grande valor paisaxístico, cultural e etnográfico, que non sempre figuran nas rutas máis convencionais. E, por outra banda, continuar apoiando á industria audiovisual, como xeradora de emprego e de cultura, dentro da política de apoio ó sector da Deputación.

Para García Porto, "o modelo de turismo sostible, de calidade, desestacionalizado e en contacto coa natureza que impulsa a Deputación está a dar froitos moi positivos, mesmo en tempos de pandemia. O turismo é unha ferramenta para deseñar o futuro do rural, creando emprego de calidade. Se o combinamos coa actividade económica que xeran as rodaxes e coa proxección do territorio que supón a presenza de Lugo nas salas de cine e plataformas audiovisuais internacionais, penso que acadaremos un efecto multiplicador moi relevante".

# DEPORTES

## O Breogán fai historia

Por Adrián Fernández

O Río Breogán fai historia clasificándose para a Copa que se disputará en Granada do 17 ao 20 de febreiro. Aninovo é a vida segue igual, se xa se sabía que o derbi ía ser aprazado polos positivos no equipo de Santiago, quedaba por ver como ía afectar o aumento de contaxios pola covid na poboación e que estaba a afectar tamén ao mundo do deporte en xeral. Moitos partidos aprazados incluído tamén o que nos enfrontaba a Baskonia, que deixaba no aire como se ía a xestionar o calendario para poder xogar todos os partidos da primeira volta antes do 30 de xaneiro. Aínda por riba, saltaba a sorpresa co anuncio da marcha de Paco Olmos a Burgos, algo que sentou moi mal a todo o breoganismo e que poderíamos pasarnos horas debatendo se está ben ou mal feito, pero supoño que todas as perspectivas son válidas dependendo dos valores de cada persoa; todo o mundo ten asumido a posibilidade de perder a algún xogador pero non estamos afeitos a que se fichen adestradores a outros equipos.

Con este panorama o Breogán enfrontábase a unha semana dura con tres partidos, unha semana decisiva para a clasificación para a Copa na

que Javi Muñoz tiña a responsabilidade de manter a concentración do persoal no obxectivo marcado e deixar de lado todo o que non tivese que ver co xogo. O primeiro deles en casa contra o Joventut, no que se empezou moi forte como querendo demostrar desde o principio que o equipo non se viu afectado, pero a verdade é que se viu certo nerviosismo no persoal e os de Badalona souberon aproveitalo e a pesar dun último intento desesperado por remontar, o Joventut levou o encontro por 87-90.

Tres días despois chegaba Baskonia ao Pazo disposto a pescar en río revolto, había dúbidas sobre a capacidade do Breogán para recuperarse e poder gañar un partido que os metía cun pé e medio na Copa. Esta vez si se viu ao equipo de antes e púidose gozar dun partidazo, deses que quedan no recordo polo decisivo que era gañar a un rival directo, ao final vitoria por 89-83 e a ilusión de que só unha sucesión de resultados estraños quitaríanos a praza entre os oito primeiros.

Antes do derbi facíase oficial a contratación de Veljko Mrcic como adestrador, a mala sorte cebaríase outra vez co Breogán xa que este a a súa chegada a Lugo daría positivo

en covid e non só iso, se non que Javier Muñoz tamén e non podería continuar en Santiago co estupendo traballo que estaba a facer co persoal. Oriol Comas sería o encargado de levar ao equipo contra Obradoiro, un derbi un tanto descafeinado pola situación no que o Breogán se viu superado, probablemente acusando o desgaste dos partidos anteriores; nada puido facer ante un rival moi necesitado que o deu todo e levou a vitoria por 100-83.

Afrontaban a última semana de xaneiro cunha noticia mala e outra boa; a mala, que os contaxios no persoal celeste chegarían a oito casos e suspenderíase o partido en Murcia e a boa, que os resultados nos acompañaban e a clasificación para a Copa era toda unha realidade. Dous partidos no aire, un o 5 de febreiro en Sevilla contra o Betis e outro o 13 en casa contra Valencia antes de vernos en Granada contra o Real Madrid. O sorteo decidiu que nos enfrontemos aos brancos nos cuartos de final e por que non vingarnos da derrota sufrida no Pazo.

Por último e fóra xa do ámbito deportivo, saltaba a pésima noticia do falecemento de Ricardo Hevia todo un símbolo do breoganismo, o noso máis sentido pésame e DEP.

## Éxito de participación na Carreira Popular de Castro de Rei



Moi boa acollida tivo un ano máis a IV Carreira Popular de Castro de Rei, con máis de 300 participantes. O gañador da absoluta foi José Manuel Penas Varela, que utilizou un tempo de 52.22 minutos, seguido de Adrián Castro Rodríguez (54.25 minutos) e David Pájaro Varela (54.37 minutos). Na categoría sénior o liderado foi para José Luis López de Ignacio (54.25 minutos), ao que seguiron Javier Veiga Arrojo (55.33 minutos) e Adrián Paz Castro (58.35). Begoña Pacio López foi a primeira clasificada na feminina cun tempo de 1.01.33. A segunda posición foi para Ana González Margaride (1.02.21) e a terceira para Chus Conde Rodríguez (1.02.32).

## 500 atletas inician a Copa Deputación de Atletismo

A XII Copa Deputación de Atletismo comezou en Lugo coa participación de 500 atletas de todas as categorías. Organizada pola Federación Galega de Atletismo, conta co patrocinio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Esta mesma competición reuniu en Lugo o ano pasado 2.000 participantes, unha cifra que, dende a Federación, prevén ampliar este ano tendo en conta a mellora na evolución da situación sanitaria e a adaptación dos protocolos.

A primeira das catro xornadas deste certame celebrouse no Pérez de Rivera de Lugo o 22 de xaneiro e continúa o 5 de febreiro coa terceira sesión. A cuarta, está aínda por datar, pero posiblemente se celebrará no mes de abril. Son probas ao aire libre pola mañá e en modulo cuberto durante a tarde. Nas masculinas destacaron os metais dos lucenses Cristian Montecelo (ouro en 800 metros lisos), Nicolás Arrojo (prata en 3.000 metros lisos), An-

tón Martínez (bronce en 3.000 metros lisos), Íker Fernández (ouro en 1.000 metros lisos), Carlos Jackson (ouro en 400 metros lisos), Elías Klein (ouro en 60 metros lisos), Jesús Arias (ouro en 60 metros vallas), Andrés Vila (ouro en salto de altura), Samuel Castedo (prata en salto de altura) e Raúl Rodríguez (ouro en lanzamento de peso). Mentres que na feminina quedaron no podio Xela Martínez, cun crono de 9.25 que marcou historia entre o panorama sub 18 dos 3.000 metros lisos, e Paloma López, campioa dos 1.000.

O delegado da Federación en Lugo, José Manuel Peña, agradeceu o apoio da institución provincial e sinalou que "se trata de probas moi valoradas polos clubs que teñen unha oportunidade para que os atletas que van formando adquiren experiencia competitiva e poidan ir facendo as marcas para participar en campionatos galegos e estatais".

## O Botafora volve os xoves pola noite

Bolos Celta Muralla organiza todos os xoves de 20.00 a 00.00 horas o Botafora, uns xogos co que buscan pasar un bo rato onde se une a tradición, o deporte e a interacción entre persoas. Ademais, os participantes teñen a oportunidade de gañar un xamón.

Esta actividade terá lugar na rúa da Industria 8 no Polígono do Ceao. Xogarase de maneira individual e, para participar hai que ser maior de 16 anos. O torneo ten unha duración estipulada previamente, se ao cumprirse o tempo hai unha partida en xogo, rematase contabilizando a todos os efectos.

Os participantes anotaranse por orde de chegada, no punto de información onde darán os datos necesarios (nome, apelidos e DNI). Se o participante non está presente cando sexa a súa quenda de xogo chamarase ao seguinte na lista.

Pasará a ser o gañador da partida o

participante que acade os 60 puntos, o que lle da dereito a xogar a seguinte partida contra o seguinte participante da lista de xogadores. Se unha vez xogadas cinco tiradas ningún dos participantes obtivera a puntuación necesaria, clasifícase aquel que obtivese un maior número de puntos na partida. O participante que consiga gañar 4 partidas, de maneira consecutiva, terá dereito á tirada do xamón.

A tirada do xamón consistirá en unha tirada na que o participante deberá superar os 50 puntos, nese caso conseguiría directamente o premio. Se varios participantes conseguen os 50 puntos, levarase o xamón aquel que consiga a maior puntuación nesa última tirada. Se hai empate, repetirase o tiro. E, se no período do mes ningún participante resultase gañador do xamón, premiarase aquela tirada que obtivese a maior puntuación.



## Un milleiro de deportistas, na Cross Ponte Romana

A Cross Ponte Romana contou cun milleiro de atletas, entre eles, o olímpico Adrián Ben. Na categoría Sub 16 Feminina a gañadora foi Irea Alén Fernández que realizou a proba en 8 minutos e 13 segundos. Das categorías Sub 18, Sub 20 e Máster Feminina foi Xela Martínez Domínguez cun tempo de 11 minutos e 19 segundos. Na Sub 16 Masculina Damián Suárez Couto foi o vencedor ao realizar a proba en 10 minutos e 22 segundos. Na Sub 18, Sub 20 e Máster Masculina foi Carlos López Moral o primeiro en superar o circuíto en 14 minutos e 52 segundos. Carmen Martínez Domínguez gañou na Sub 14 Feminina cun tempo de 5 minutos e 42 segundos. Na Sub 14 Masculina foi Enrique García García-Boente o vencedor cun tempo de 7

minutos e 58 segundos. Lara Fernández López venceu cun tempo de 4 minutos e 27 segundos na categoría sub 12 feminina. Mentres que Pablo Barreiro Iglesias fixo o mesmo na categoría masculina con 5 minutos 45 segundos. Da categoría sub 10 feminina foi Claudia Álvarez Velasco a gañadora con 2 minutos e 2 segundos, e na masculina foi Bruno Trashorras Domínguez o que completou o percorrido primeiro nun minuto 58. Na categoría absoluta e sub 23 feminina foi Águeda Muñoz Marqués a gañadora cun tempo de 28 minutos e 48 segundos mentres que na masculina foi Víctor Ruíz Orden o que venceu con 27 minutos e 51 segundos. A categoría popular mixta tivo como vencedor a Jorge García Cabanas con 12 minutos e 2 segundos.

# A Peña Breogán cumpriu esta tempada 30 anos

Comezou con 15 rapaces de instituto pero conta actualmente con 70 socios de todas as idades, o máis pequeno, Gael, de catro anos

Era a tempada 1991/1992 cando un grupo de amigos que animaban ao club de baloncesto local lucense, o Club Breogán, xuntáronse pola súa afección e crearon a coñecida a día de hoxe como Peña Breogán.

Todo comezou con Miguel Martín, dono dunha das pastelerías máis importantes de Lugo, a Pastelería Martín, e un dos actuais adestradores do Leite Río Breogán, Javier Muñoz, que por aquel entón era un adolescente.

A finais da tempada 1994/1995 aconteceron dous fitos importantes para o grupo lucense, o primeiro foi que se lles uniu a Peña Montecalvo e, a segunda, que Julio Vila, un dos siareiros máis coñecidos e queridos polos seguidores do club e que faleceu en 2009, xuntouse e tomou as rendas do grupo.

Esta Peña animou e anima a grandes xogadores do Breogán, como foi o lucense Manel Sánchez, un xogador nacional que facía unha media de 17,795 puntos por partido, superando as marcas de Juan Antonio San Epifanio Epi ou Alberto Ferreiros.

O seu obxectivo é o de apoiar e

dar colorido e ambiente ao Club alá onde vaian e para iso contan cuns 20 bombos cos que animan todos os partidos dos celestes así como as súas particulares bufandas e tanto é así que Daniel Dorado, actual vogal da entidade, di que “viáxase e viaxouse moito e onde máis xente se desprazou foi a Ourense, onde fumos unhas 50 persoas aproximadamente. E o viaxe máis longo que fixemos foi a Palma de Maiorca”.

Miguel Martín tamén lembra con agarimo a Tita Franco, ex xogadora de baloncesto e ex-directiva do Breogán, “que sempre quixo que non desaparecera a Peña”.

Sempre foron unha asociación moi involucrada no tecido social lucense e por iso en moitos partidos colaboran con Somos Unidos por el Cáncer, unha asociación fundada por José e Marián, dous membros da Peña.

Un dos lugares aos que acudían e nos que se xuntaban era o Mesón de Lourdes na Acea de Olga que “era onde víamos os partidos televisados, tomabamos algo ao saír e incluso algunha vez picabamos ao final da tempada cos xogadores”,

di Martín, pero xa fai un tempo que mudaron a La Mesa del Cocinero e A Laxa.

Así mesmo, todas as peñas do Breogán entregan, desde 2015 e coa excepción de 2020 pola pandemia, un premio ao que os seareiros do club consideran o xogador máis destacado da tempada e que leva por título Julio Vila.

Nesta tempada, 2021/2022 cumpren 30 anos da súa existencia na categoría superior do baloncesto en España, a coñecida como ACB, e teñen pensado facer un xantar de confraternización aínda que están á espera das restricións sanitarias.

Ao principio da súa andaina eran uns 14 ou 15 rapaces de instituto pero agora contan cuns 70 socios de todas as idades e que viaxan por toda a Península para poder desfrutar do baloncesto. Teñen ademais varios socios moi novos como é o caso de Gael Pérez, que ten 4 anos e que di que o seu soño é o de apoiar ao seu equipo como fan os seus pais e facer así referencia a súa bufanda, Sempre fieis.

Colabora Diego Rouco



Os membros da peña en diferentes momentos

## As probas do Galicia Head Tour serán ata o 20 de febreiro

A cidade de Lugo acolle ata o 20 de febreiro o Galicia Head Tour, un circuíto xuvenil organizado pola Federación Galega de Tenis, que se disputará nas categorías de alevín, infantil, cadete e júnior masculino e feminino, cunha alta porcentaxe de inscrición de tenistas lucenses.

O torneo está organizado pola Federación Galega de Tenis, o Centro Deportivo D10 e o Club de Tenis de As Termas, e terá lugar nas Pistas de Tenis Municipais de Frigsa e nas pistas do Centro Deportivo D10.

Ao acto de presentación asistiron o xerente do Centro Deportivo D10, Leovigildo Real Guerreiro e o presidente do Club de Tenis As Termas, Jose Andrés Pereiro. O edil apuntaba que “promover pautas de vida saudable entre a poboación, especialmente na mocidade é un dos obxectivos da concellería”, ao tempo que destacou que o tenis é unha das modalidades deportivas que conta con máis afeccionados na nosa cidade.

A inscrición pechou con 341 deportistas. Haberá trofeo para o campión e subcampión de cada categoría.

# Lugo acollerá a Copa Raíña de Voleibol

A cidade de Lugo acollerá a 47 edición da Copa da Raíña de Voleibol, que terá lugar do 11 ao 13 de febreiro.

O Club Arenal Emevé será o anfitrión desta competición que congregará por primeira vez na cidade de Lugo aos seis mellores equipos ao final da primeira volta da Liga Iberdrola. O acto estivo ao cargo do presidente e da Deputación, José Tomé, xunto a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez; a subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez; a presidenta do Arenal Emevé, Bibi Bouza, o secretario xeral para o deporte en Lugo, José Ramón Lete; o vicepresidente da Federación Española de Voleibol, José Ángel Luna; e o deputado de promoción económica e social, Pablo Rivera Capón.

O mandatario provincial destacou a importancia desta cita, que demostra que “a provincia de Lugo é unha potencia no deporte, en particular no deporte feminino, conta con equipos en practicamente todas as disciplinas deportivas, temos unha afección de primeiro nivel e temos unha sólida e longa tradición de traballo”. “Un traballo”, subliñou, “que



Un momento da presentación da Copa Raíña

exemplifica o club Emevé, todo un referente, non xa no voleibol, senón para o deporte galego e nacional”. Tomé Roca felicitou ao club polo seu traballo e recordou que é o único desta disciplina deportiva en España que ten aos equipos masculino e feminino na máxima categoría. O apoio ao deporte é unha das liñas de traballo destacadas da Deputación de Lugo, explicou o Presidente, “polos valores sociais tan importantes que promove, fundamentais para o progreso dunha sociedade, como son o esforzo, a constancia, a vontade de supera-

ción, o compañeirismo e o respecto aos demais”, pero tamén pola súa capacidade “para a promoción do territorio e do turismo”. “Acoler a Copa da Raíña de Voleibol poñerá á nosa provincia no foco de moita xente, das propias deportistas, dos equipos técnicos, dos familiares, dos afeccionados a este deporte e do público en xeral”, sinalou o mandatario provincial. Polo tanto, engadiu, “esta competición é tamén unha boa maneira de dar a coñecer e de promover a provincia de Lugo, unha proxección que terá un impacto sobre o turismo

e sobre a economía a curto prazo, pero, con toda probabilidade, tamén a medio prazo”.

A Deputación apoia dende o deporte de base ao deporte profesional, “podemos dicir que en toda as disciplinas deportivas, e tanto o deporte masculino, como, por suposto, o deporte feminino”, afirmou o Presidente. Neste sentido, Tomé defendeu o deporte como “unha ferramenta para a loita pola igualdade”. “O deporte, na súa forma máis básica, fomenta a participación equilibrada e ten a capacidade de promover a igualdade. O deporte feminino empodera ás mulleres e ás nenas, a súa participación xera referentes modelos a seguir, polo que axuda a impulsar un verdadeiro cambio de valores na sociedade”, asegurou.

“A provincia ten unha gran canteira de deporte feminino, no voleibol, no fútbol sala, no atletismo ou no baloncesto, e dende a Deputación imos seguir respaldando o traballo de todos os clubs que, como o Arenal Emevé, loitan por manter os seus equipos femininos no máis alto do deporte galego e nacional”, afirmou o mandatario provincial.

# “Aspiramos a seguir consolidando deportistas no ranking galego”

Enara Fernández é a presidenta do club Os Biosbardos de taekwondo

O Club Deportivo Biosbarido é un club moderno e actualizado centrado no deportista e no benestar que ofrece running e taekwondo. Está ideado para todo tipo de persoas, aquelas que buscan algo tan sinxelo como camiñar, aquelas outras que buscan manterse en forma ou as que prefiren competir. O propio deportista é o que marca o seu ritmo co fin de que a realización de exercicio sexa un disfrute na persoa. Falamos coa súa presidenta, Enara Fernández, e o secretario, Iván Sangiao.

## Como naceu o club?

Nacemos en febreiro de 2016, xuntándonos un grupo de persoas coa idea de crear unha entidade que dera tódalas facilidades ós deportistas. Afiliámonos á federación galega de taekwondo e mercamos todo o material preciso para a práctica incluídos máis de 100 metros cadrados de “tatami”. Un dos nosos socios por aquel entón cedeunos un baixo onde comezamos a adestrar os primeiros meses. Xa dende 2017 temos actividade no Pazo dos Deportes de Lugo e dende 2018 estamos afiliados tamén á Federación Galega de Atletismo tendo agora mesmo deportistas de tódolos recunchos de Galicia.

## Como sobrevive un club destas características?

Contamos coa colaboración de entidades privadas, un patrocinador: Plastifer; e dous colaboradores: Cafetería Río Sil e Clínica Veterinaria O Salnés; así como, ó igual que o resto das entidades deportivas, concursamos publicamente nas axudas que as administracións convocan. O máis difícil é a a xestión dunha instalación para Taekwondo posto que se precisa de moito espazo, dende 2017 parte da nosa actividade realízase no Pazo dos Deportes grazas á colaboración da Deputación de Lugo. Na modalidade de atletismo as nosas especialidades son ruta e trail, polo que ó desenvolverse nun medio natural temos máis facilidades, ó tempo que os nosos atletas fan uso das instalacións municipais do Conce-

llo de Lugo. Debido ás restricións da pandemia si que pode producirse algunha dificultade pero sempre se resolve.

## Que deportes ofrece?

Dispoñemos de dúas seccións diferentes: Taekwondo e Atletismo.

## Para que idades son as actividades?

Cubrimos tódalas franxas de idade, dende a base ata veteranos. Nas sesións de taekwondo non realizamos actividade dirixida con menores de 14 anos, posto que hai ximnasios en toda a provincia con persoal que se adica a esta actividade. Mantemos así un círculo simbiótico con tódolos axentes deportivos da nosa contorna. O noso modelo de actividade vai máis aló: proxecta ás categorías base, con reforzo na adolescencia e os acompañamos na vida deportiva adulta.

## Como se presenta esta tempada?

Aspiramos a seguir consolidando deportistas no ranking galego de taekwondo. Por exemplo, Jose Luis Rodríguez leva 4 anos consecutivos como nº1.

Na modalidade de atletismo, temos gran relevancia no trail-running onde este ano aspiramos duplicar o número de participacións do ano anterior que xa foi potente.

## Cales son os obxectivos a conseguir este ano?

Aspiramos a ampliar a nosa base social e o noso núcleo de deportistas activos. Para nós, deporte e saúde van da man, polo que fomentar a práctica de actividade, os hábitos de saúde e a presenza en competicións é algo que vai no noso ADN. O noso principal obxectivo é multiplicar a participación e por suposto, se os resultados acompañan moito mellor.

## Cales son os valores fundamentais do club?

Ledicia e perseveranza. Gústanos transmitir e contaxiar ledicia en tódalas actividades, desfrutalas independentemente do noso obxectivo ou nivel. Por outra parte, poñemos en valor a perseveranza, a cons-

tancia do día a día para aspirar a conseguir os nosos soños. O noso enfoque como club: de conseguir trasladar o deportista de base á competición sénior fai que estes dous valores sexan cruciais.

## Que principios move aos deportistas?

O principal é disfrutar. Os nosos deportistas comparten este principio entre todos, dende o adestramento máis sinxelo ata a proba máis dura. Cada paso ten que ser que levar parello esixencia e pracer, con independencia do nivel de cada deportista.

## Cal é o maior logro do club?

Na actualidade contamos con resultados dende nivel autonómico ata internacional nas dúas modalidades, en moitos casos froito de moitas horas de traballo e sacrificio, é difícil destacar un en particular porque nós valoramos todo o traballo que hai detrás: o traballo colectivo é sen dúbida o maior logro deste club.

## Cal é o maior desafío ao que se enfrontou o club?

Sen dúbida poder contar con instalacións para a práctica de Taekwondo. Fomos conscientes da gran cantidade de instalacións deportivas que están sen uso e da cantidade de impedimentos que se dan, toda unha paradoxo. Neste club somos máis de dar solucións, facer propostas e avanzar.

## Como está a afrontar a situación que xera a Covid 19? En que afectou?

Baixou moito a actividade deportiva principalmente. Nós tivemos que adaptarnos ós protocolos da xunta en todo momento e tamén asesorar ós nosos deportistas. Mudou a nosa actividade por completo, o volume, os aforos e as posibilidades para realizar actividades colectivas, aínda que sexa ó aire libre. Estamos bastante orgullosos do comportamento de tódolos nosos deportistas e socios neste aspecto.

## Cantos deportistas ten na actuali-



Distintas imaxes dos integrantes do club Os Biosbardos

## dade?

Contamos cunha carteira de case medio centenar de deportistas nas dúas modalidades, todos con licenza nacional.

## Que actividades realiza a maiores dos adestramentos e competicións?

En 2021 por iniciativa de Marcos Codesal, un dos nosos atletas, realizamos unha carreira solidaria virtual para colaborar co banco de alimentos. Tamén colaboramos activamente promovendo os nosos deportes coas asociacións e institutos da contorna así como nos campamentos de verán. Temos tamén un nutrido grupo de xente que participa activamente en andainas e actividades no medio natural.

Na época estival organizamos cada ano unha xuntanza, coincidindo con algunha festa popular da contorna que mistura deporte, cultura

e convivencia. Por mor da pandemia levamos dous anos sen facela.

## O Taekwondo é un deporte minoritario hai moita rivalidade na cidade?

É un deporte moi minoritario, sobre todo se nos comparamos co resto de Galicia. Nos últimos dous campionatos galegos absolutos de técnica fomos o único club de Lugo con presenza. Gustaríanos que co tempo este deporte medrara e aparecese unha rivalidade saudable e moita competición na nosa cidade, iso é moi positivo posto que axuda a subir o nivel e por tanto ser máis competitivos. Na última edición do campionato galego o C.D.Biosbarido tivemos dúas medallas, gustaríanos ver a medio prazo como a cidade consegue máis podios, sexan do Biosbarido ou dos clubs da comarca, sería un sinal de que o noso deporte goza de boa saúde.

# Os irmáns Abelleira conquistaron o ceo e están dominando a terra

**Fran e Luís Abelleira marcan tendencia no aeródromo e no mundo do motor**

Fran e Luís Abelleira levan vinculados á aviación e ao aeródromo de Lugo dende nenos. “Levamos toda a vida vinculados ao Aeroclube de Lugo, criámonos alí entre pilotos, avións...” Neste lugar foi onde colleiron afección polo mundo do motor e da mecánica. Comezaron a voar dende moi nenos co seu pai e o seu avó. Na actualidade, seguen vinculados debido a que forman parte da directiva do Aeroclube e son organizadores do festival aéreo Criterium Aeronáutico de Galicia, que se viña celebrando tódolos anos, exceptuando estes últimos debido á covid. Luís Abelleira ademais, conta coas licenzas de mantemento aeromecánico que lle permiten levar o centro de mantemento de aviación xeral que está localizado no aeródromo. Alí levan a cabo o mantemento de aeronaves de Galicia, Asturias, Bilbao, León e un longo etc. Ademais, imparte formación de Mecánico de Aeronaves no CIFP As Mercedes, o único centro público de Galicia que imparte este tipo de estudos de carácter formación profesional de grao superior, que ten a día de hoxe un 100 % de contratación dos alumnos que estudaron e saíron facer as prácticas fora de Galicia.

A aviación é unha parte moi importante na vida destes dous irmáns, desfrutan dela tanto como afección como profesión. “Voamos habitualmente para distraernos da rutina, para recargar as pilas... Pero ademais, tamén profesionalmente, xa que temos un taller de reparación de aeronaves e unhas oficinas de asesoramento e xestión de todo tipo de trámites aeronáuticos”. A maiores, o sector dos drons está a demostrar que a aviación é o futuro, é o medio máis rápido de transporte, e cada día hai máis aeronaves, sexan tripulados, ou non, no ceo.

Fran e Luís comezaron a voar dende moi novos, Fran conta co seu Diploma de Bautismo Aéreo dende que tiña 14 días de nacer, polo que leva voando toda a vida. A licenzia de piloto sacouna cando tiña 20 anos

aproximadamente mentres que o seu irmán Luís obtívoo con 17 anos. Ao preguntarlles polo maior contratempo que se lles deu nun avión Fran aclara que “nun avión a sensación é sempre de seguridade, se non non voariamos. Por suposto que sempre corres un certo risco, pero sempre é moi inferior a circular por unha vía pública en coche ou en moto. É importante voar con respecto, pero sempre sen medo, senón é mellor quedar no chan. Algunha experiencia de medo sempre pasas, nalgún viaxe aparece un ruído que non dás localizado ou olor a gasolina na cabina (era o líquido da compás). Pero é o medio de transporte máis seguro, eso está claro”. Mentres que Luís afirma que “medo non tiven, contratemplos varios. É parte do meu traballo, reparando e probando avións, para despois vendelos. Nunha ocasión disparáronse as temperaturas do motor, cheguei ao campo buscando polo camiño onde aterrar no caso de que parara o motor, noutro voo non funcionou o tren de aterraxe, noutro a presión de combustible caeu, pero o motor non parou...”.

A maior satisfacción para Fran é a de levantar o vo despois dunha tempada sen voar, é algo que lle provoca relaxación e lle carga as pilas. Ademais ámbolos dous participaron en varias competicións aéreas, sobre todo galegas, pero tamén nalgunha nacional, quedando en moi bos postos, o cal os fai sentir ben e orgullosos. Para Luís é máis reconfortante ver as persoas que nunca voaron ou saltaron en paracaídas ter a súa primeira experiencia. Destaca unha vez na que un ancián de 93 anos foi probar un simulador de voo de instituto xa que nunca voara e, marchou encantado. Tamén ten anécdotas dese estilo no aeródromo onde acoden persoas de case 90 anos a voar por primeira vez ou saltar en paracaídas. Ver que cumpren un soño, cando eles levan toda a vida vivindo e desfrutando dese mesmo soño.

Ante a pregunta que consello lle da-

rían a unha persoa que ten pavor a montar nun avión, Fran afirma que “este é o medio de transporte máis seguro sen dúbida, aí están as estadísticas para corroboralo. Eu diríalles que corren máis perigo na estrada indo a traballar que subindo no avión ou saltando en paracaídas desde un. A mecánica dun avión é máis sinxela que a dun coche por exemplo, para evitar introducir sistemas que poidan fallar. Ademais os motores levan sistemas que duplican a seguridade, como por exemplo dúas magnetos, dúas buxías para cada cilindro...”. Luís, en cambio optaría máis pola terapia de choque presentando a un amigo vasco seu que xa caeu tres veces co avión e aínda segue a voar. A día de hoxe, no aeródromo pódense realizar múltiples actividades ademais das aéreas.

**“Córrese máis perigo na estrada indo a traballar que subindo no avión ou saltando en paracaídas”**

Os avións non son a única paixón dos Abelleira, de toda a vida senten afección polos motores tanto de coches como de motos. Entraron no mundo da competición das motos da man dun amigo. Todo comezou na visita a unha carreira. Esta, tiña un ambiente que namorou a Fran e a Luís que decidiron facer unha proba timidamente fai uns anos.

Se tiveran que elixir unha afección, Fran ten claro que sería unha decisión moi difícil pero que finalmente deixaría ir as carreiras de motos, debido a que supoñen moitas horas de traballo, a posta a punto da moto e cartos para competir. Pola outra banda, Luís non se pode decidir aínda que afirma “si se considera afección as churrascadas coa miña familia e amigos, esa é a única que non deixaría. Un dos motivos de ir as carreiras



é pasar tempo xuntos, así que eso, tamén o facemos comendo”.

Os irmáns recordan os primeiros pasos no mundo das motos mellor do esperado. Nunca antes se adicaran a isto, tan só acudían a algunha tanda a algún circuíto e isto, moi de vez en cando co fin de dar unhas voltas e pasalo ben. Co paso de tempo comezaron a ser competitivos e coa chegada de bos resultados comezou o interese. O que ámbolos dous teñen claro é que isto é unha forma de diversión, no momento no que a presión teña máis peso que a diversión deixarán de facelo. Luís marca a evolución como un proceso natural neste mundo comezando nunha moto pequena nunha finca e rematando nos circuítos. “A pena é que Galicia non aposta polo motociclismo, sempre estamos de últimos. Esperemos mellorar nisto. Para ir a un circuíto decente, hay que facer de 600 km para arriba”.

O ano 2018 foi a clave tras ver competir a un dos seus amigos, malia que dende que sacaron o carné de conducir ámbolos dous tiñan moto para desprazarse e viaxar, foi a competición xa mencionada con anterioridade a que os animou a dar o paso. Fran correa en circuítos en Braga en poucas ocasións, pola contra, Luís, o maior, pasou un tempo en Madrid onde realizou rodadas ocasionais.

A competición coas motos supoñenlles maior adrenalina e emoción. “Dende o momento que se pecha a viseira do casco e saes do box xa é un obxectivo facer unha boa volta”. En total, 12 voltas ao límite na que todos loitan por ser os primeiros. Luís destaca as 3 ou 4 horas das carreiras de resistencia, como unha das experiencias máis fermosas.

A falta de pistas e circuítos fai que durante o ano non adestren coas motos. As vitorias chegan despois de adestrar o día anterior da compe-

tición no propio circuíto da carreira. En canto ao referente ao mundo da aviación, de vez en cando dan unha volta para desconectar en fin de semana. Polo que adican menos tempo do que lles gustaría a ambas afeccións.

Os dous irmáns móstranse moi unidos, xa que Fran que conta con un pouco máis de tempo nos fines de semana aproveita este tempo para poñer a punto a súa moto e a do seu irmán que conta con menos tempo. Fran destaca como maior experiencia no mundo da aviación “cando quedei subcampión de España de voo con motor no ano 2013. No motociclismo, o ano pasado 2021 quedei cuarto do campionato de España a nada do terceiro posto, subindo en varias ocasións ao pódium.

Aínda que unha das maiores satisfaccións foi a carreira de resistencia de Albacete no ano 2019, que gañamos xuntos meu irmán máis eu, estas carreiras son moi bonitas e esixentes, xa que pasas 3 ou 4 horas seguidas correndo, os dous pilotos cunha sola moto facendo relevos. Ningunha das dúas afeccións me decepcionaron nunca a verdade, xa que o fago para divertirte, e sempre que me subo a moto ou ó avión me divirto, me decepcionaría o día que deixe de divertirme supoño”.

Luís destaca “o primeiro ano que corremos o campionato de resistencia catalán, quedamos non primeiros postos, por diante do equipo oficial de Suzuki Madrid, e hai que ter en conta que na última carreira partiu o cigüeñal e non poidemos acabar. De acabar esa carreira estábamos entre o segundo e terceiro posto no momento de romper. Pero a mellor experiencia penso que son os amigos que encontramos polo camiño, grazas a aviación e o motociclismo, coma o caso do noso amigo Bouza. Tamén piloto e motero”.



# COLABORACIÓN

## Talento literario desde A Chaira (I)

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**B**rais chegara á casa dos seus avós sendo un meniño que aínda non andaba, metidinho nun caixón feble e escanastrado, envolto nunha manta de liño. Así comeza a historia narrada por Xosé Manuel Felpeto Carballeira, este home nado en Cabreiros, concello de Xermade, inquieto, emprendedor e comprometido co seu berce o as súas xentes.

Xa hai varios meses que asistín á presentación desta novela, titulada *O pau de ferro*, pero non

foi ata agora cando me decidín a escribir sobre a mesma. En primeiro lugar, cómpre recoñecer o mérito do seu autor, de quen souben hai anos como un dos promotores das hoxe consolidadas Xornadas Interxeracionais Rurais que se desenvolven no propio lugar do seu nacemento. O mérito que ten a organización dunha actividade coma esa non se pode pasar por alto. As ponencias e demais actos que se realizan, os conferenciantes e o grao de participación e implicación dos veciños e forzas vivas da zona son a proba delo, de aí o seu éxito edición tras edición. Tamén constatei que no seu currículo acreditaba experiencia no mundo audiovisual e na

producción teatral, ademais das súas colaboracións como articulista na sección A Chaira, do xornal *El Progreso*. Pero faltaba dar un paso máis adiante e ese chegou coa publicación do seu primeiro libro.

Desde a primeira liña ata a última, a novela está chea de emoción e non deixa de impactar a quen a le. Unha Galicia Rural de hai varias décadas é a que se describe, sendo nela na que se desenvolven os seus personaxes. Unha época des escaseza e tamén dalgunhas inxustizas, pero esa dura realidade non impedía que aqueles que vivían nela se revelasen contra as penurias sufridas, procurando unha vida futura mellor. A cul-

tura do esforzo pódense deducir ó longo de toda a narración, superando o que sería unha negativa resignación.

O neno Brais vai medrando, coitado pola súa avoa, quen tivo que exercer de nai, xunto ós seus veciños e amigos, nun entorno reducido, pero ó mesmo tempo cheo de vida. Xosé Manuel sabe contar coma ninguén como era aquela época, sen luxos e sen máis redes sociais que a axuda mútua entre a veciñanza para os traballos duros do campo, ou cando aparecía algún imprevisto en calquera familia. Transmite con coñecemento de causa a infancia daqueles nenos e nenas, quen pasaban o tempo xogando a carón do cemiterio, te-

merosos e ilusionados ó mesmo tempo polo seu propio porvir. Non podían faltar personaxes claves naquela Galicia profunda, pero ó mesmo tempo digna e orgullosa dos seus logros, como son o crego e a mestra. Os dous, aparte de cadansúa función, non dubidaban en convencer a uns recelosos proxenitores para que deixasen a eses mozos e mozas ir fóra para prepararse e poder ter unha vida máis próspera.

Resulta un motivo de orgullo e satisfacción que chairegos amosen o seu talento literario e sexan quen de contarnos vivencias de aquí, da nosa Terra, de onte, de sempre.

Como exemplo, o *Pau de Ferro*.

## Por ser unha cidade moi afeccionada ao deporte

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

**C**omo xa comentei na miña anterior colaboración, tanto a cultura coma o deporte en Lugo están moi ligados á nosa cidade e á súa xente.

Penso que son determinantes á hora de definir a nosa idiosincrasia coma lucenses, o noso estilo de vida, diferenciándonos dos demais.

Non esaxero para nada, senón pensemos no que pasa en canto se fala do Breogán. Fóra de Lugo, pódese pensar que se está a refirir ao último xefe celta de Galicia, mais para a mente e, tamén para o corazón dos lucenses, estase a refirir ao club de baloncesto da cidade.

O feito de que unha pequena cidade que non chega aos cen mil habitantes teña un equipo xogando na ACB fixo que tanto as autoridades como a poboación creasen un ambiente arredor do baloncesto para vivilo máis aló do que é a competición deportiva. De pequena escoitar falar de deporte en Lugo era escoitar falar, ademais do Breo, do Club Deportivo Lugo. E de adolescente coñecín ao Xuncas, a través dunha xogadora, compañeira miña no instituto.

E cando se falaba deste tipo de clubs, decatábase a paixón que se tiña por eles na cidade. Paixón que ía máis alá do campo de fútbol e do antigo Pavillón Municipal de Deportes.

No primeiro terzo da miña vida o deporte foime totalmente alleo. Quizais, porque non o practiquei xa que estaba exenta da asignatura de ximnasia a causa da miña discapacidade. E se facía algún tipo de exercizo físico era cando acudía a rehabilitación.

Foi cando volví a esta cidade, despois de estudar fóra, cando comecei a practicar deporte, propiamente, dito.

Naquela época creouse a Agrupación Deportiva Auxilia-Lugo que buscaba unha vía de promoción do deporte adaptado ás persoas con discapacidade. E, claro, apunteime.

Así aprendín o que era pasar por unha especie de xurado deportivo para ser clasificada nunha categoría, segundo as limitacións funcionais; o que era estar federada e cumprir cun calendario de competicións; o que supoñía adestrar de dúas a catro veces por semana, dependendo da proximidade dun campionato; de como era estar nunha cámara de chamadas e estar calada para concentrarte; o que impoñía ter un público, moito ou pouco, expectante da túa xogada; e coñecer o sabor do éxito e, sobre

todo, do fracaso.

Competimos nunha modalidade de atletismo adaptada a persoas con parálise cerebral. Non consistía en correr, senón en tirar un pequeniño saco de area o máis alto posible ou empurrar un balón medicinal canto máis lonxe mellor. Unha agarimosa lembranza aos meus compañeiros e monitores da Agrupación Deportiva de Auxilia.

Pódese dicir que Lugo destacou no piragüismo, por exemplo, ao seu regreso dos Xogos Olímpicos de Toquio. As autoridades municipais renderon homenaxe ao primeiro ouro olímpico lucense, Isaac Toro, digno sucesor doutro medallista, tamén olímpico, Ramos Misioné que gañou unha de prata en Montreal 1976 e outra de bronce en Moscova 1980.

E se falamos dos paraolímpicos, a atleta lucense Adiaratou Iglesias proclamouse campioa paralímpica, tamén en Toquio. Aproveito para lembrar a Tito Margaride que ten unha de bronce, acadada en Sidney 2000. Pero Lugo non só ten medallistas paralímpicos en atletismo, senón tamén en boccia, unha de ouro, obtida en Sidney 2000, na persoa de Hilda Rodríguez Rodríguez.

A boccia é un deporte adaptado para persoas con parálise cerebral inspirado nun popular xogo italiano do que toma o seu nome, sendo paralímpico desde 1984.

Baséase en combinar precisión, forza e táctica. Practícase individualmente, por parellas ou por equipos, nun campo rectangular no que os xogadores tratan de lanzar as súas bólas o máis preto posible da branca que é o obxectivo a acadar.

Eu competín en boccia, pero de forma moi modesta, sendo o meu mellor resultado acadar un

bronce por equipos nos Nacionais de 1992. Pero, dende entón empecei a afeccionarme aos deportes. Un exemplo diso foi cando o Breo convidou a membros de Auxilia, entre outras asociacións, a ver os partidos no Pazo. E decateime de que moitísima xente de Lugo vibra con cada punto acadado polo seu equipo.

ELISARDO BARCALA



## DE RUTA EN RUTA

# Antas de Ulla: Ruta ao Muíño do Corgo

Trátase dun roteiro de dúas horas cunha ampla riqueza en canto a variación de vexetación e construcións

**E**ste roteiro ao Muíño do Corgo, situado na parroquia de Vilapoupre, conta con 9 km (ida e volta) que se recomentan facer a pé ou en bicicleta. Nesta ruta visitarase un antigo muíño de auga. Este tipo de "industrias" tiveron unha vital relevancia no desenvolvemento económico da posguerra.

A base da cobranza do canon que consistía nunha porción de gran ou de fariña (a maquia), o molinero culminaba un proceso que se iniciaba co traballo da terra, a semente, recolección e a malla. E nesa transformación do gran (millo, centeo e trigo) empregábase unicamente a enerxía hidráulica que movía as pesadas pedras do muíño.

A maior parte da ruta será por estradas ou camiños asfaltados e partirase dende a praza do Concello de Antas, con dirección norte, pola rúa do Xeneral Portomeñe (estrada de Alvidrón). Afastados das últimas casas da vila, con non máis de 0,7 Km percorridos penetrarase no lugar coñecido como Campo das Antas; de

vexetación frondosa e abundante, que acompañará en boa parte do percorrido.

A ruta continuará pola mesma vía, deixando á esquerda o desvío para Cervela no Km 1,7 e 100 metros máis adiante será o de Vilapoupre o que se deixará á dereita.

Descenderase a pronunciada pendente ata tomar o desvío á dereita con dirección a Mancegar e polo estreito camiño asfaltado chegarase en pouco máis de 400 metros ás primeiras casas da aldea. Entre elas tomarase primeiro á esquerda e logo á dereita para penetrar na aldea. No Km 3 e preto dun pequeno arroyo, continuarase á dereita, chegarase ao lugar de Alvidrón de Outeiro, que a pesar de asumir o nome de Alvidrón, pertence á parroquia de Vilapoupre.

A espesura e frondosidade da vexetación continuará acompañando ata Portocarreiro, aldea na que se atopa o lugar de descanso coñecido como A Casa da Terra. Pouco despois de exceder Portocarreiro deixarase o asfalto para tomar o camiño de terra que hai á esquerda. A vexetación tórnase máis arbustiva e conífera e en tan so un quilómetro a variación de flora resulta espectacular, dando fe da riqueza da zona.

Con pouco máis de 300 metros xa se estará á beira do río, que neste punto corre en dirección norte.

A primeira construción que se atopa é un refuxio de pescadores, tutelado pola Asociación de Pescadores da Ulloa, que habitualmente está aberto, podendo resgardarse da choiva ou do frío

e, mesmo, facer uso del para alimentar os corpos dos camiñantes ou ciclistas.

Xusto sobre a ponte, de pedra e formigón, que cruza o río, pódese observar o Muíño do Corgo. Trátase dunha construción de cantería, con dúas plantas e cuberta a tres augas e que conta cunha privilexiada posición para poder observar con claridade as dúas buxas (pezas de desaloxo da auga que xa se empregou como fonte enerxética do muíño) coas que conta esta construción. Hai que lembrar neste punto que se trata dunha propiedade privada; polo que convén facer un chamamento ao sentido común no senso de saber conxugar o dereito de uso e goce da ribeira co de máximo respecto á privacidade.

Logo farase o camiño de volta e para iso volverase sobre o camiño de terra ata atopar o asfalto, lugar no que desta vez tomarase á esquerda e seguirase a estrada ata que chegar a Vilapoupre. Seguirase polo medio da aldea ata que se atope cun cruce de 4 camiños no que se tomará o do medio, de fronte, deixando á esquerda unha leira cun hórreo de tres claros sobre cepa de cachotería e, por detrás do hórreo, queda tamén a Igrexa de San Martiño de Vilapoupre.

Continuarase sobre este estreito e asfaltado camiño ata que no quilómetro 8,1 se volva dar coa estrada de Alvidrón, moi preto do cemiterio parroquial de Antas e á beira dunha pequena área de descanso con carballos centenarios e pequenas mesas de pedra, ata chegar ao punto de partida.



## DATOS



2 horas



9 quilómetros



Dificultade baixa

## Cursos mensuales de CAP CONTINUA

- Permisos de conducir
- CAP inicial mercancías y viajeros
- ADR mercancías peligrosas / obtención y renovación
- Carretillas / plataformas elevadoras / Camión grúa
- Gestor de Transporte / Tacógrafo
- Formación bonificada de empresas



**CURSOS GRATUITOS Sector turismo**

# AVECUS

Río Narla, 48-50 Lugo

Telf. 982 817 561 info@avecus.es  
www.avecus.es